

De *La Tribuna* a *Cigarreiras*

Cándido Pazó

(recibido novembro 2024, aceptado maio 2025)

LA TRIBUNA SAÍUME AO CAMIÑO

Sería deshonesto se me gabase dun especial arranque de agudeza na escolla de *La Tribuna* como fonte dun espectáculo teatral. A historia e, como tantas veces, máis discreta.

Había moitos anos que a actriz Susana Dans, que no seu momento encarnara a Emilia Pardo Bazán no filme televisivo *La condesa rebelde*, me falara do potencial teatral de *La Tribuna*. Pero o comentario quedara no limbo das máis ou menos atinadas suxestións que a un lle fan de cando en cando e que, por distintas razóns, acaban por esmorecer.

En 2018 representabamos na vila da Guarda a peza *Fillos do Sol*, un texto meu centrado na figura de Eduardo Pondal nos seus últimos anos e no que o personaxe feminino da peza, criada no hostal onde se hospeda o bardo, manifesta no final da obra que deixa esa ocupación servil e entra a traballar na fábrica de tabacos da Coruña. Unha pincelada certamente menor no mapa argumental do texto pero á que lle eu concedía un valor simbólico sobranceiro e que operaba como contrapunto á manifesta misoxinia do vate.

Aconteceu que, ao rematarmos a función, un entusiasmado espectador veu falar comigo para, encirrado por esa pincelada final, suxerirme o noso seguinte espectáculo: unha versión teatral de *La Tribuna*. Non quero ocultar a importancia cualitativa daquel espectador: era Manuel Pérez Rúa, naquela atura coordinador cultural do concello de Moaña, home de vasta cultura e erudita curiosidade, que soubo ser tan elocuente como persuasivo na súa proposta.

E para rematar o xogo de casualidades e causalidades, en 1921 celebrárase o centenario da morte da escritora. A ocasión estaba servida.

A EPIFANÍA

Ao seguinte día iniciiei unha lectura de traballo de *La Tribuna*. O meu convencemento sobre as súas potencialidades teatrais foi sorprendentemente rápido. Como sorprendentemente rápida foi a visión sobre o material a seleccionar, as liñas dramatúrxicas cardinais da intervención e a estilística xeral da proposta. Unha visión que se podería resumir en: 1- centrármonos nas traballadoras da fábrica, as cigarreiras; nas súas circunstancias, vivencias, ilusións, frustracións... dentro do contexto do tempo histórico que lles tocou vivir; e, como catalizadora natural da historia, unha traballadora en especial, a protagonista da novela e do

espectáculo, Amparo, a Tribuna; 2- facemos a peza exclusivamente con elenco feminino, pero sen obviarmos os personaxes masculinos imprescindíbeis para contar a historia e que se representarían indirectamente, mediante un código audaz pero sinxelo que o público puidese procesar e asumir con proveito receptivo; 3- incluímos na peza o personaxe da propia escritora; 4- con todos estes ingredientes, situarmos a proposta nun territorio híbrido entre o naturalismo inherente á novela e unha convención de xogo teatral máis actual, de inspiración máis ou menos neobrechtiana, que nos permitise acometermos os retos dramaturxicos asumidos.

Unha visión que, por demasiado rápida, era puramente intuitiva. Lembro cando, moito antes de comezar a escribir, lle explicaba o meu plan ao profesor González Herrán, que seguiu o proceso desde o principio. Eu mesmo ficaba sorprendido coa clarividencia con que llo expuña, até o punto de chegar a temer que a miña elocuencia expositiva fose froito non tanto da seguridade como da ousadía e a impostura.

Unha clarividencia que se foi diluíndo en dúbidas e medos consonte fun afondando na amplísima bibliografía que hai sobre a novela e os mundos que esta retrata, así como sobre a súa autora. Dúbidas e medos que, por fortuna, foron disipando ao me adentrar na redacción do texto e comprobar que aquelas rápidas intuicións ían virando en certezas con suficiente substancia ou, polo menos, en sólidas e fértiles hipóteses de traballo.

MÁIS CA UNHA ADAPTACIÓN, MENOS CA UN TEXTO INDEPENDENTE

A partir desa visión, e varios meses de estudo e traballo mediante, *Cigarreiras* acabou por se constituír nun texto dramático que, en rigor, desborda o concepto de adaptación, mais sen chegar a atinxir o de obra orixinal e independente. Un texto dramático que recolle unha das moitas lecturas teatrais que se poden facer de *La Tribuna* de Pardo Bazán. Unha obra narrativa que, de tan suxestiva, resulta tan fértil que sería iluso pretender abranguela nunha peza teatral.

Unha lectura necesariamente parcial e, como corresponde por natureza ao xénero dramático, loxicamente condensada. Unha lectura que, como todas, ten a súa parte obxectiva, dominante na nosa proposta, vencellada ao que se leu; e a súa parte subxectiva, vencellada á ollada particular de quen leu.

UN ELENCO FEMININO QUE NON LIMITA, QUE POSIBILITA

Un veterano e prestixioso director de escena madrileño manifestoume no seu día o seu abraio ao saber que montamos unha versión teatral de *La Tribuna* cun elenco de sete persoas. Confesoume que era un soño que el acariñaba hai anos, admirador como era da novela de Pardo Bazán, mais que o fora deixando pasar porque, segundo os seus cálculos, a peza non se podería facer con menos de quince actores, circunstancia que, nunha arte tan continxente como é o teatro, condiciona moitísimo un proxecto, limitando as súas posibilidades no ámbito da produción pública e coutándoas de vez no ámbito da privada.

Tres son as razóns polas que quixemos facer este espectáculo cun elenco feminino. A primeira porque nos parecía un fermoso e xusto tributo á belixerancia reivindicativa da condición feminina que caracterizou á escritora. A segunda porque encaixaba nunha das

constantes da nosa compañía, que cada tres ou catro proxectos fai por levar adiante un centrado na perspectiva de xénero. Así pois, un espectáculo con esta peculiaridade podía continuar coa liña iniciada con espectáculos anteriores como *As do peixe*, ou *Nacidas libres*.

E a terceira, aínda que máis prosaica, non foi menos importante: o elenco feminino situábanos nun punto de vista expositivo e dramatúrxico que nos permitía acometermos o proxecto cun elenco dentro das nosas posibilidades de produción e distribución. Porque unha vez tomada esa decisión, moi caracterizante pero aparentemente tan limitadora, entrabamos nun novo territorio de xogo que, transcendendo a lóxica que podía inspirar a primeira vista a novela, requiría de códigos audaces e convencións imaxinativas. Códigos e convencións que, ao mesmo tempo, podían habilitar e xustificar o uso de estratexias para podermos contar a historia cun elenco máis reducido do que, en principio, parecería normal.

E, xa como agasallo final, esta solución podía aportarlle á nosa proposta un frescor e un atractivo especial para unha recepción de hoxe en día. Permitíanos, como xa se apuntou máis arriba, situarnos no eido do naturalismo que, con razón, pide o material narrativo de partida, pero deixando unha porta aberta ao uso de recursos dramatúrxicos e interpretativos propios dunha posta en escena máis actual.

DONA EMILIA EN ESCENA

Non teño nada contra a cuarta parede, pero sempre preferín que fose de cristal fino e transparente. Ou que estivese chea de buracos. Ou, se é necesario, que non estivese. Por iso en grande parte dos meus espectáculos hai fórmulas ou momentos que comportan algún tipo de relación vertical e directa co público. Porque o teatro, nunha das súas características máis definitorias e que o fai imperecedeiro, supón un encontro físico nun tempo e nun espazo concretos entre quen conta escenicamente unha historia e quen acode a ese espazo nese tempo para ser axente de recepción desa historia.

Só esta razón chegaría para explicarmos a función do personaxe de dona Emilia en *Cigarreiras*. A escritora relaciónase directamente co público. Co ficcional, os seus lectores, evocados por ela e identificados cos espectadores. E co empírico, o que está sentado nas butacas, co que entra en contacto case físico, interpelándoo, mirándoo aos ollos, falándolle persoalmente. Así, as cigarreiras fican por tras da cuarta parede, pero dona Emilia rómpea e traspáasaa de cote, metendo ao público na fábrica, na casa de Amparo ou nas rúas de Marineda.

Pero, evidentemente, hai outras razóns. Nunha peza feita a partir dun material narrativo a presenza dunha figura narradora, como a que desempeña en boa medida dona Emilia, é un recurso absolutamente eficaz e, por iso mesmo, moi socorrido e ao que lle eu teño unha especial quenenza, quizais influído pola miña faceta de narrador oral. Un recurso que posibilita un tránsito fluído entre espazos, tempos e situacións que pode ser moi complicado, ou directamente imposíbel, nunha mecánica estritamente teatral.

Podería aducirse que unha figura así, xustificada basicamente pola súa funcionalidade, pode resultar fría, utilitaria ou desprovista de teatralidade. Iso sucede cando esa figura non se sustenta nunha personaxe viva e dramaticamente ben definida. Pero con dona Emilia non se corre ese risco, porque se algo non lle falta é perfil dramático, carácter e forza de personaxe.

E máis se está interpretado por unha actriz como a que nós tivemos a sorte de podermos contar.

Pero o máis importante da presenza de dona Emilia en escena é podermos introducir na peza, e de primeira man, o seu punto de vista. Tanto na súa función de narradora, con intervencións analíticas que evocan, e ás veces reproducen case ao pé da letra, as que a escritora fai na propia novela, como en escenas máis convencionalmente teatrais, como cando dialoga con unha das cigarreiras na última escena da peza. Desta maneira, se, como declarei máis arriba, a miña lectura teatral ten a súa parte subxectiva, que a ten, esa subxectividade está sempre contrapesada pola voz e a ollada da escritora. Unha voz e unha ollada expresadas desde o seu persoal e complexo universo ideolóxico, que ela mesma traslada ao público.


DRAMATURXIA DO PENSAMENTO

Nesta época na que tanto se renega das etiquetas, ao tempo que é cando máis se usan, esta sería a miña etiqueta para resumir, a xeito de lacónica recapitulación epilodal, a base dramática que sustenta esta nosa versión teatral de *La Tribuna*.

A escritora está soa na casa. Relé a súa terceira novela once anos despois de escribila. Esta relectura lévaa a pensar, a lembrar, a imaxinar... A falar cos seus supostos lectores, que acaban por ser o público do teatro. E o pensamento faise carne. Toman corpo os personaxes e a escritora chega a interactuar con eles, directamente ou dándolles as réplicas nalgúns dos seus diálogos.

Créase así un xogo de planos escénicos que, mostrados simultaneamente, sitúan o espectador ante unha armazón de roles e situacións que este percibirá como vivos e presentes, pois como vivos e presentes os pretendeu a posta en escena, e como vivos e presentes os ofrecen as espléndidas actrices que os encarnan.

A partir desta resumidísima receita, adobada coas necesarias e pardobazanianas doses de emoción e humor, naceu *Cigarreiras*. Unha lectura teatral de *La Tribuna* que, como xa se admitiu, é necesariamente parcial e condensada. Unha parcialidade e unha condensación que, non obstante, e segundo a nosa honesta observación en máis de cen funcións, non impediu que a proposta teatral lograra trasladar ao espectador a esencia definitoria da novela e que, deste xeito, quen a lera no seu momento, puidese reconstruíla desde os ecos da memoria, e quen non, sentise se cadra azos de facelo e así saciar a súa curiosidade como deben de ser saciadas estas curiosidades: acudindo a beber directa e integramente da fonte orixinal.





Dramaturxia do pensamento

A escritora está soa na casa.

Relé a súa terceira novela, *La Tribuna*, once anos despois de escribila.

Este reler vaina levando a pensar, a lembrar, a imaxinar...

A falar cos seus lectores, que acaban por ser o público do teatro.

A facer vivir algunhas das personaxes e mesmo interactuar con elas,
directamente ou dándolle as réplicas nalgúns dos seus diálogos.

Crearase así un xogo de primeiros e segundos planos que,

mostrados simultaneamente,

o espectador haberá de percibir sempre como vivos e presentes,

pois así deberá de dispolos a posta en escena

e así haberán de entendelos e encarnalos as actrices.

Texto e dirección
Cándido Pazó



1a

Luz. Vemos a Dona Emilia, sentada nunha cadeira, lendo en silencio. Escóitase, gravada, a súa voz:

DONA EMILIA.- “Lector indulgente: no quiero perder la buena costumbre de, como prólogo de mis novelas, empezar hablando contigo unas palabras. Más que nunca quiero mantenerla hoy, porque acerca de esta a la que ahora tienes a bien asomarte, *La Tribuna*, tengo varias cosas que decirte, para que caminen juntos el gusto y la necesidad.”

Tras unha pensativa pausa, transcendendo a dimensión concreta do espazo e do tempo que habita, Dona Emilia ponse en pé e, sen deixar o libro, pero levantando os ollos del e dirixíndoos ao público, o seu pensamento faise palabra viva.

DONA EMILIA.- (*Directamente ao público*) Un bo costume, si. Falarlle aos lectores. Pensalos intensamente, con empeño, con... determinación... ata facelos carne presente. Un pouco inxenuo, se cadra. Ou pretencioso, incluso, pero moi... estimulante. Levantar os ollos do papel e saberte acompañada por... (*Pausiña*) polo teu público! Ui, que rimbombante soa iso... “O teu público”. Como se estivese no teatro! Pero que bonito, ao mesmo tempo! Sentir que tes alguén aí diante, seguindo a historia que lle vas contando. Xente con quen falar. Que ninguén se ofenda. Polo de xente. Se cadra soa un pouco vulgar. Pero non é mala cousa ser xente. Ou si. Depende de cadaquén, claro. Pero en fin, poñamos que Rousseau tiña razón, sen que sirva de precedente, e admitamos a hipótese de que, en principio, todo o mundo é bo. Así

Texto e dirección
Cándido Pazó



que... iso. (*Pausiña*) Grazas por estar aí. Por prestarme atención. Por escoitarme. Por...

2

Na últimas frases da fala anterior entrou Lupe, criada da casa. En principio dona Emilia, absorba nos seus pensamentos, non se decata.

LUPE.- Señora... Dona Emilia...

DONA EMILIA.- (*Como tornando en si*) Aí, perdón Lupiña, é que estaba...

LUPE.- Se molesto...

DONA EMILIA.- Non, por favor. Que querías?

LUPE.- Eu nada. É a señora quen quería.

DONA EMILIA.- Como?

LUPE.- Que chamou.

DONA EMILIA.- Ah, si. Vou ter visita. Había que preparar algo...

LUPE.- Un té.

DONA EMILIA.- Un té? *Bueno*, é o fino coas visitas, si, pero... pero prefería algo máis...

LUPE.- Café, logo?

DONA EMILIA.- Non, máis aínda. Chocolate.

LUPE.- (*Estrañada*) Chocolate?

DONA EMILIA.- Non hai?

LUPE.- Haino, claro, pero...

DONA EMILIA.- Pero que?

Texto e dirección
Cándido Pazó



LUPE.- Non sei, como dixo que... quería empezar a privarse un pouco da boca...

DONA EMILIA.- Cando dixen iso?

LUPE.- Onte. Cando a cociñeira lle dixo que non estabamos moi provistos. “Mellor -díxolle-, a partir de mañá quero empezar a privarme un pouco da boca”.

DONA EMILIA.- Pois por iso. A partir de mañá. Anda, vai. E trae algo para mollar.

LUPE.- Tamén?!

DONA EMILIA.- Non é por min, muller. É polo pobre chocolate, que se pon triste sen compañía.

LUPE.- Xa. E que lle traio?

DONA EMILIA.- O seu eran uns churros, pero... Non sei, unhas pastas, uns bolos... Espera! Uns barquillos.

LUPE.- Barquillos!?

DONA EMILIA.- Barquillos, si.

LUPE.- Ai, pois... non temos.

DONA EMILIA.- E logo? Xa non hai barquilleiros en Marineda?

LUPE.- Onde?

DONA EMILIA.- Na Coruña.

LUPE.- Ah. Pois habrá, si, pero... basta que o necesites para que non...

DONA EMILIA.- Pois séguelle o rastro, muller.

LUPE.- Como?!



DONA EMILIA.- Xa sabes. (*Imitando o pregón do barquilleiro*) Barquillé...

LUPE.- (*Índose*) Ai, dona Emilia, vostede ás veces ten unhas cousas, que eu quedo...

1b

DONA EMILIA.- (*Ao público*) Aí non lle falta razón. Ás veces teño unhas cousas que eu mesma quedo... Esta visita, por exemplo. Teño a impresión de que é unha das miñas personaxes a que vén verme. Pero ser, é real. Di ti que... as fronteiras entre o real e o imaxinado poden ser tan difusas....

3

O pensamento faise acción. Soa a campá da Fábrica de Tabacos e entran en escena as cigarreiras: Fina, Aurora, Amparo, Ana (a quen todas chaman a Donicela) e Matilde. Cinco entre milleiros. Veñen cantando unha canción de traballo mentres colocan os trebellos da Fábrica que portan: cadansúa cadeira e cadansúa caixa na que traen o tabaco co que, durante a escena, irán efectuando a súa tarefa: elaborar cigarros. Tamén traen un porrón, do que beberán de vez en cando, e un caldeiro no que ás veces tirarán algún refugallo.

CIGARREIRAS.- Somos nós, somos nós, somos nós.
 Somos nós, as mulleres obreiras,
 que gañamos o pan co tabaco,
 somos nós, catro mil cigarreiras.

 Somos nós, somos nós, compañeiras,
 as mulleres que van ao traballo.
 Somos nós, que chegamos co Sol,
 somos nós, que coa Lúa marchamos.

Texto e dirección
Cándido Pazó



DONA EMILIA.- Aquí as teñen, as miñas cigarreiras. O de miñas é un falar, claro, porque ser son moi súas. Que mo digan a min, que a primeira vez que entrei na fábrica...

FINA.- *(Seguindo coa faena)* Que pinta aquí esta señorona?!

AURORA.- Quen é?

FINA.- A condesa de Pardo Bazán.

AURORA.- E que lle importa a ela do noso?

FINA.- O noso é o tabaco, e vai ti saber se non chupa do cigarro de vez en cando.

DONA EMILIA.- *(Ao público)* A verdade é que daquela nin probara o primeiro, máis tarde non digo que non, pero...

DONICELA.- Importámoslle nós.

FINA.- Nós!?

DONICELA.- Disque quere escribir un libro.

AMPARO.- E ti por que o sabes?

DONICELA.- Porque o sei.

AURORA.- *(A dona Emilia)* E que pensa dicir?

DONA EMILIA.- Aínda non estou moi certa, por iso estou aquí.

FINA.- Verá, señora, nós non entramos na súa casa, non acudimos aos seus salóns nin ás súas veladas... non nos metemos na súa vida. Por que se mete vostede na nosa?

DONA EMILIA.- Pois... *(Ao público)* A ver, non era cousa de pórme alí a falarlles de correntes literarias. O naturalismo, a observación directa, a experimentación... *(A Fina)* Porque son escritora.

Texto e dirección
Cándido Pazó



FINA.- (*Burlesca*) Ui, a señora é escritora, onde vai parar!

AURORA.- Ben se ve que ten quen lle coide dos fillos e quen lle atenda o marido.

FINA.- Mire, señora, se é escritora, escriba, ho, escriba, que lecer seguro que ten abondo para inventar andrómenas e figuracións desas que tanto campan nos libros. Pero a nós déixenos en paz, que o noso élle de verdade. Verdade da boa. *Bueno*, iso é un falar, claro. Da boa algunhas veces. Da ruín moitas máis. E case sempre... da que cadre. Pero real. E xa se sabe que a realidade non loce. Así que...

As cigarreiras continúan co seu traballo. Amparo colle o porrón e sae de escena para ilo encher de auga.

4

DONA EMILIA.- (*Ao público*) Pois non, teño que recoñecelo, ao principio non me recibiron moi ben. Lóxico, que tiña eu que ver con elas? Que tamén era muller? *Bueno*, si... e non é pouco, pero... Non, eu era unha intrusa no seu mundo. Pero quería escribir sobre el. Hai outros menos rudos, máis acaídos á delicadeza que se espera da pluma feminina, chegou a dicirme un académico. Pero que queren? Metérase aquí. (*Na cabeza*). Si, nos meus paseos vespertinos, cando me cruzaba coas leccións de operarias que viñan da fábrica. Eu ao velas pensaba: e non haberá aí algunha novela? Si, seguro que si. Onde hai catro mil mulleres hai catro mil historias. Algunha haberá que me inspire. Un fío do que turrar.

Texto e dirección
Cándido Pazó

7



5

Mentres dona Emilia lle fala ao público, Amparo regresa co porrón. Cando ía dirixirse ao seu sitio séntese atraída por unha ventá e detense ante ela. Ao pouco tempo, polo mesmo sitio, entra Consolación, outra cigarreira, amiga dela, que coxea dunha perna.

AMPARO.- Chegas tarde, Consolación.

CONSOLACIÓN.- Si, é que pasei por Santa Úrsula. Á primeira misa. E ti que fas aí?

AMPARO.- Fun por auga, pero... sempre que paso por diante desta ventá, chica, quedo fascinada.

CONSOLACIÓN.- Que quedas que?

AMPARO.- Alelada, muller.

CONSOLACIÓN.- Ah. Pois...

Tratando de entender a fascinación de Amparo, Consolación bota unha ollada examinadora á ventá.

DONA EMILIA.- *(Al público)* E remexendo, remexendo, dei con ese fío, uns anos atrás.

AMPARO.- É a mellor ventá da Fábrica.

CONSOLACIÓN.- E logo que ten? É... cadrada, coma todas.

AMPARO.- Rectangular en todo caso. Pero dígoo pola vista, muller.

CONSOLACIÓN.- Ah, xa.

Con limitada e escéptica curiosidade, Consolación dá un pasiño adiante para achegarse á ventá e botar unha ollada ao que se ve desde ela.

Texto e dirección
Cándido Pazó



DONA EMILIA.- *(Ao público)* Agora podería dicir que... Refulxente polo Sol do medio día, espellada no mar, a vista de Marineda desde aquela ventá da Fábrica era certamente fascinante, pero...

Sinala a Consolación que, encolléndose de ombros, expresa a súa incompreensión polos méritos atribuídos á tal vista.

AMPARO.- Non hai tanto que eu corría por aí.

CONSOLACIÓN.- Polo mar?!

AMPARO.- Si, claro, coma as lebres. Pola cidade, muller. Polas rúas. Esa era a miña patria, o meu paraíso terrenal.

CONSOLACIÓN.- Ai, Amparo, ás veces falas tan bonito!¹

DONA EMILIA.- *(Ao público)* Pois si, Amparo niso era especial. Se me permiten a simpleza: tiña labia. Era filla dun barquilleiro e máis dunha cigarreira, e fora pouco á escola, que a tivera que deixar cando a nai quedara paralítica, pero o pouco que fôra aproveitáralle de marabilla, que mesmo lle lía o xornal cada día aos seus veciños.

AMPARO.- *(A Consolación, seguindo a súa conversa)* Que, a ver, enténdeme, non é que me queixe de traballar aquí, ao contrario, que na casa non era vida, chica.

CONSOLACIÓN.- Tampouco sería para tanto.

¹ A conversa continua en segundo plano, o que supón que non será audible, pero será interpretada como se o fose:

AMPARO.- E logo non sabes o que é o Paraíso Terrenal?

CONSOLACIÓN.- Sei, claro, que fun á doutrina. Onde vivían os nosos primeiros pais.

AMPARO.- E como era aquilo?

CONSOLACIÓN.- Pois... un lugar moi bonito, no que se estaba moi ben...

AMPARO.- Pois iso era o que me parecían a min esas rúas de pequena. Eu era feliz nelas, pero desde que entrei na Fábrica xa non...



AMPARO.- Ai non, tiña que levantarme todos os días as catro da mañá.

CONSOLACIÓN.- Ás catro da mañá! Para que?

AMPARO.- Para axudar a meu pai a facer nos barquillos.

CONSOLACIÓN.- Barquillos! Que sorte!

AMPARO.- Sorte?

CONSOLACIÓN.- Podías comer os que quixeras.

AMPARO.- Quita, quita. Non habías de dicir o mesmo se tiveses que facer seis mil cada día!

CONSOLACIÓN.- Seis mil!

AMPARO.- Un a un.

CONSOLACIÓN.- O que eu daría por facer barquillos e non cigarros.

AMPARO.- Ei, ei, ei, sen cobrar!

CONSOLACIÓN.- Normal, eras unha nena.

AMPARO.- Pouco máis era cando entrei na Fábrica.

CONSOLACIÓN.- É distinto.

AMPARO.- E tanto! Se xa che digo que eu aquí estou encantada. Por moitas cousas...²

DONA EMILIA.- (*Ao público*) Entre outras unha moi importante para ela.

Bueno, para calquera muller: ter a súa propia vida, cousa que depende, en boa medida, de gañar o seu propio diñeiro.

CONSOLACIÓN.- E logo? Non lle dás o salario aos teu pais?

² AMPARO.- As compañeiras. Un salario como é debido, que o podes ver e sabes que o gañaches ti. Na casa parecía unha mendiga. Agora, mira, teño o meu diñeiro...



AMPARO.- Todo. Todo o que eles pensan que é todo, xa me entendes.

CONSOLACIÓN.- Pois non.

AMPARO.- Ai, Consolación, filla, a ti todo cho hai que explicar. Non cobramos por traballo feito?

CONSOLACIÓN.- Si.

AMPARO.- Pois entón? Que saben eles se cobro oito ou se cobro dez?

CONSOLACIÓN.- *(Persignándose)* Ai, eu iso é algo que...³

DONA EMILIA.- *(Ao público)* Para Consolación enganar os pais era o máis aberrante dos pecados. Porque non os tiña. Pais, quero dicir. Bueno, e pecados seguro que non moitos, que era moi santiña. Iso si, penitencias non lle faltaban á pobre: coxa por un mal que case a mata aos seis anos, orfa aos dez, con tres irmáns pequenos ao seu cargo...

CONSOLACIÓN.- Eu se non fora pola Fábrica andaba a pedir polas portas. Non hai día que non dea grazas ao ceo por poder traballar aquí.

AMPARO.- E eu, muller. Claro que si! E non sabes a festa que se armou na casa cando me colleron! Pero non sei, ao mesmo tempo... A ver, como quen di, eu crieime na rúa, e teño saudades dela. Daquelas mañás de aquí para alá, que así que meu pai saía a vender nos barquillos eu arrancaba pola porta para fóra, como paxariño que escapa da gaiola. Qué lle queres... Aquí síntome encerrada. Son tantísimas horas! E agora aínda menos mal, pero ao principio, chica, eu afogaba...⁴

³ AMPARO.- Bueno, muller, é que mal ten?

CONSOLACIÓN.- Ti porque os tes, pero eu.... Só pensar en que podería enganar os meus pais, éntame unha cousa... Será porque están mortos. Paréceme que me había de caer unha desgraza como castigo. E xa teño bo castigo co que teño na casa. Ás veces párome a pensar e...

⁴ AMPARO.- Sobre todo ao principio, que non estaba afeita. Foi entrar alí e case me caen as lágrimas. Miña nai xa me tiña falado dos talleres, pero aínda era peor do que pensaba. Tanta xente alí xunta... 4.000 mulleres! E todos aqueles cheiros, cos retretes alí ao lado...



DONA EMILIA.- Normal, tiña os pulmóns afeitos ao aire libre e abafaba naquela atmosfera espesa, aquela amalgama odorífera: o cheiro acre do tabaco humedecido, mesturado coas emanacións de tanto corpo humano xunto e co bafo fétido dos retretes, alí á beira.

AMPARO.- E despois está o da rutina. Ter que facer sempre o mesmo cada día. Sempre o mesmo.

CONSOLACIÓN.- Pois a min iso gústame.

AMPARO.- *Bueno*, a todo se todo se afai unha. Antes isto para min era un inferno. Agora é... un purgatorio. E por esta ventá bótolle unha ollada ao paraíso cada vez que podo.

6A

Incorpórase outra cigarreira ao grupo. É a Donicela, amiga das anteriores e que, cansa de esperar por Amparo, véna buscar, visiblemente enfadada.

DONICELA.- E vós que? Non pensades vir nunca máis, ou..?

DONA EMILIA.- *(Ao público)* Coidado, chegou a Donicela. *Bueno*, chamar chámase Ana, pero...

AMPARO.- Perdoa, muller, é que me nos entretivemos...

DONICELA.- Con que?

CONSOLACIÓN.- Coa vista, disque.

DONICELA.- E que ten? É a de sempre.

CONSOLACIÓN.- *Bueno*, a ver, a de sempre, a de sempre, tampouco.

DONICELA.- Ai non? Que ten hoxe que non tivera onte?



Amparo e Docinela



AMPARO.- *(Medio en broma, por quitar ferro)* Aquela goleta, por exemplo.

Onte non estaba.

DONICELA.- Iso non é unha goleta, é un queche.

AMPARO.- Ai, perdoe vostede, dona “entendodetodo”.

DONICELA.- De todo, de todo, non, pero desa materia si, que teño eu quen me instrúa.

AMPARO.- E logo?

DONICELA.- Nun coma ese vai de capitán o meu...

AMPARO.- O teu que?

CONSOLACIÓN.- O seu “menos é nada”.

DONICELA.- Menos será o teu, Consolación, que nada é.

CONSOLACIÓN.- Nada de nada. Nin falta que fai.

DONICELA.- Fai, fai.

CONSOLACIÓN.- A min non.

DONICELA.- Ai, non. Anda, vamos.

Diríxense cara o seu sitio. Ao chegaren poranse co traballo, pero seguirán coa conversa, o que enlentececerá a faena.

DONICELA.- E logo por que chegas tarde?

CONSOLACIÓN.- Pasei por Santa Úrsula e...

DONICELA.- Ui, moito vas ultimamente onda esas monxas. Que lles quererás...?

AMPARO.- Meterse ela tamén.

CONSOLACIÓN.- Por que llo dis?

Texto e dirección
Cándido Pazó



DONICELA.- Non fai falta que mo diga, que xa eu... Pero non irá en serio, non?

CONSOLACIÓN.- Por min, eu quería, pero... están os meus irmáns e...

AMPARO.- *Bueno*, muller, xa logo se han valer por eles.

CONSOLACIÓN.- Si, pero... Tamén está o dote. Sen dote non te collen e son moitos cartos. De onde os saco?

DONICELA.- Déixate diso! Ti o que tes é que botar un mozo e...

CONSOLACIÓN.- Si, o que me faltaba. Bastantes fatigas teño eu xa.

DONICELA.- *Bueno*, muller. Os homes fatigas dan, non digo que non, pero tamén dan consolo. Eu cando chega o meu capitán mercante é unha alegría! Sempre me trae algún agasallo, algunha monada...

CONSOLACIÓN.- Si, e aí queda a cousa.

DONICELA.- Pois que saibas que a última vez falamos de voda.

CONSOLACIÓN.- Falastes ou falaches?

DONICELA.- A ver, el é máis ben calado. Pero que non non dixo.

AMPARO.- E para cando?

DONICELA.- Todo se andará. Ou... todo se navegará.

CONSOLACIÓN.- Pois que chegues a bo porto. Pero mira, eu para... “consolos” xa teño á Nosa Señora, que para algo me chamo como me chamo.

DONICELA.- Xa, muller, tamén Amparo se chama como se chama pola patroa da Fábrica, e ben sabe ela que como non se ampare por si mesma...

Texto e dirección
Cándido Pazó



AMPARO.- Ei, ei, a min aí non me metas. Que eu á nosa santa téñolle moita fe.

DONICELA.- E eu, muller. Toda a do mundo. Pero unha cousa non quita a outra. Xa ves o que mirou por ela a Virxe da Consolación.

CONSOLACIÓN.- Cala, Ana, non fales así, que se me arrepiá a alma.

DONICELA.- Calo, calo. Calamos todas, que con tanta leria a faena non rende.

Céntranse un momento no traballo, pero...

AMPARO.- Pois eu tamén teño aí...

DONICELA.- *(Interesada, detense)* Ti tamén tes que?

AMPARO.- *(Pénsao mellor)* Nada. Nada. Veña, á faena.

DONICELA.- Á faena, á faena. E que présa hai! Que tes que contarnos?

AMPARO.- Nada.

DONICELA.- Nada... o peixe no mar. E ti botaches o anzol, así que...

AMPARO.- Pois, a ver, que... hai aí un señorito que se cruza comigo a cada pouco, e xa me vai parecendo demasiada coincidencia. A ver, que creo...

CONSOLACIÓN.- Que anda atrás túa.

AMPARO.- Creo que si.

DONICELA.- É militar?

AMPARO.- ...é.

DONICELA.- Alférez?

AMPARO.- ...sí.

Texto e dirección
Cándido Pazó



DONICELA.- Xa sei quen é. Baltasar Sobrado.

AMPARO.- E quen cho dixo?

DONICELA.- Todo se sabe.

DONA EMILIA.- *(Ao público)* E máis a Donicela. Máis marinedina que a Torre do Faro, das que coñece a todo o mundo e a quen todo o mundo coñece.

DONICELA.- Pois sabes que che digo. Non te fagas ilusións. Ese o que quere é pasar o tempo e despois... Boa tropa son os Sobrado! Eu coñézoos ben porque unha chica que teñen a servir é amiga miña.

DONA EMILIA.- *(Ao público)* Que lles dixen?

DONICELA.- Avarentos e cotrosos coma a sarna!

AMPARO.- Non sei... eu estiven unha vez na súa casa e non mo pareceron.

DONICELA.- Como que estiveches...?!

AMPARO.- Hai dous anos. Na noite de reis. Andaba a cantar os aguinaldos cun fato de rapaces e mandáronnos entrar.

CONSOLACIÓN.- Na casa?!

AMPARO.- Si.

CONSOLACIÓN.- E como era?

AMPARO.- Pois... como son as casas dos señoritos. Eu que sei, agora non lembro.

DONA EMILIA.- Lembra, lembra. Pero non o quere recoñecer. Quedara marabillada: aquel piano primorosamente vernizado, aqueles espellos co marco dourado, aqueles cortinóns de damasco, a porcelana chine-

Texto e dirección
Cándido Pazó



sa, os cadros de caza, os sofás...! Todo lle parecera fermoso, distinguido...

DONICELA.- Pois non é por nada, pero o teu rondador, o señorito Baltasar, tamén lle fai as beiras á filla da viúva de García, unha señoritinga empalagosa que... Bueno, se cadra non che gusta o conto.

AMPARO.- *(Disimulando unha certa incomodidade)* Mira ti. Impórtame a min ben. Conta, muller, conta, que inda nos entretemos.

DONICELA.- Pois iso, que tamén anda detrás da remilgada esa. Pero só cando lle parece.

CONSOLACIÓN.- Como cando lle parece?

DONICELA.- Seica a viúva de García, a nai da empalagosa, ten un preito en Madrid por uns negocios que tiña alá o marido. Se gañan quedan millonarias. Pero a cousa vai e vén e non se sabe en que acabará. E iso, que cando parece que pintan ouros, a nai do alférez dille que se arrime á señorita Remilgos García. E cando parece que pintan bastos dille que se desarrime.

CONSOLACIÓN.- É o que eu digo, os homes...

DONICELA.- E despois está o amigote ese que vai sempre con el. Un que parece que fala dentro dunha ola. Borrén chámanlle.

AMPARO.- Un que é capitán?

DONICELA.- Si. Coñécelo?

AMPARO.- Estaba alí aquela noite.

DONICELA.- Ese, un baboso! Sempre soltándoches algunha. E mirón...!

AMPARO.- Non sei, pero... *bueno*... Eu entrei na Fábrica grazas a el.



DONICELA.- E logo?

AMPARO.- Pola noite aquela. Seica ten un parente na dirección e Balta...
bueno, o alférez pediulle que me recomendase.

DONICELA.- Ai, entón xa che ten o ollo botado desde aquela.

AMPARO.- Pero que dis? Se eu era unha nena. O típico, preguntaron que queríamos ser de grandes e eu dixen que cigarreira como miña nai. Pero vamos, nin para min mirou.

DONA EMILIA.- *(Ao público)* Pero o capitán si. E ben que llo fixo notar ao seu subordinado amigo. *(Imitando a voz de Borrén)* Mire que poldriña, Baltasar. Esta vai dar unha boa egua. Non hai que a perder de vista. Fágame caso, que eu deste gando entendo.

DONICELA.- Pero mira, ti aínda tes outro pretendente.

AMPARO.- Quen, ho?

DONICELA.- O rapaz dos barquillos. O axudante ese de teu pai.

AMPARO.- Pero que dis?!

DONICELA.- Vénte esperar todos os días á saída. Ben se ve que está de-
rretidiño por ti.

AMPARO.- Ai, muller, por favor, en tan pouco me estimas! Era o que me faltaba! O animal ese!

*Soa a campá da Fábrica. Como as demais cigarreiras, as tres mozas dan por rematada a faena e, recollendo os seus trebellos, dispóñense para sa-
ír.*

CONSOLACIÓN.- Veña, vamos. Homes, homes, homes!

Texto e dirección
Cándido Pazó



7

DONA EMILIA.- *(Ao público)* Homes, homes, homes. Poderíase contar unha historia sen eles? *(Pausa)* *Bueno*, sen nós contáronse tantas...! Non, seguramente non. Pero só por probar. Como experimento. Ademais que nesta tampouco hai tantos. A ver, está o pai de Amparo, Rosendo chámanlle; o alférez, Baltasar Sobrado; o seu amigo, o capitán Borrén; e... ninguén máis. Ah, si. Claro que si! Por favor! O animal ese! Chinto, que ten nome, o coitado. Chinto. Un rapazote que collera de pinche o señor Rosendo, para axudalo co dos barquillos. Unha especie de besta do monte. Non por malo, que non o era, meu pobre. Por brutiño e por feo, que iso si que o era, e con fartura. Viña da aldea e morría de saudade por ela. Ata que foi descubrindo os encantos da cidade. E entre eles o mellor, ou como diría el, o “máis mellor”, o que lle enchía o ollo e o corazón: Amparo.

8

Entran en escena Amparo e a Donicela. Van pola rúa, camiño de cadansúa casa. Nun momento dado a Donicela para e mira cara atrás, ao lonxe.

DONICELA.- Espera aí. Xa me estrañaba a min.

AMPARO.- O que?

DONICELA.- O teu... O animal ese, como dis ti. Facíaseme raro non velo hoxe.

AMPARO.- Cala, muller. Que condena!

DONICELA.- Pois alá cho vén.

AMPARO.- Que!?

DONICELA.- Non é aquel que vén correndo alá atrás?

Texto e dirección
Cándido Pazó



AMPARO.- Non pode ser!

DONICELA.- Pode, pode. (*Índose*) *Bueno*, chica. Déixote aquí, que o meu camiño vai por outros pagos.

AMPARO.- Non, espera, por favor.

DONICELA.- Para que, muller? (*Sáíndo*) Se xa tes quen te acompañe.

AMPARO.- Pois por iso.

DONICELA.- Se levase uniforme seguro que non lle facías tantos ascos.

AMPARO.- Espera!

DONA EMILIA.- Espera⁵! Berraba tamén desde lonxe o animal. Perdón, Chinto. Espera!

AMPARO.- (*Parando e encarándose a Chinto*⁶) Pero a ti que che pasa, escaravello? Que merda queres?

DONA EMILIA.- Perdoa muller, contestoulle Chinto. Quixen achegarme á Fábrica como todos os días. Pero entretívenme co vapor de La Habana, que saía. Máis bonito, che! Botaba unha fumeira! E pitaba, fiiuuu, fiiuu, fiiuu. Por que non me esperaches?

AMPARO.- E por que había de esperarte? Era o que faltaba! E ademais, a que tes que ir ti á Fábrica?

DONA EMILIA.- Vender por alí. E así espero a que saias e acompañote. Para non ires soa para a casa, muller. Fágoo por ben.

⁵ Co libro na man, e lendo nel a parte correspondente, dona Emilia asumirá o punto de vista interpretativo do personaxe de Chinto, pero sen ocupar o seu sitio en escena. Este sistema repetirase en sucesivas ocasións con outros personaxes masculinos.

⁶ A actriz falará ao lugar por onde se supón que vén Chinto que, aínda que non estea fisicamente en escena, para ela é real.



AMPARO.- Pois eu dígocho por mal! Non me apodrezas máis o sangue coas túas esperas e as túas compañas! Son unha nena ou que? And a vender barquillos por aí adiante, onde haxa señoritos que os merquen, que na Fábrica do demo se un real sacas en toda a tarde! Animal!

ESCURO

9

Luz. Como quen esgrime unha espada triunfadora, entra Fina cun xornal na man e berrando exultante...

FINA.- Desta foi!

Detrás dela entran o resto das cigarreiras. Algunhas, como a Donicela, máis ben escépticas, pero deixándose levar. Outras, como Consolación, tímidas pero participativas. Outras, como Aurora, despistadas. E unha maioría, con Fina á cabeza, pero tamén Amparo e Pura a Chosca (unha cigarreira que ten un parche nun ollo), desatadamente entusiasmadas e expresando a súa euforia cantando:

CIGARREIRAS.- Desta foi, desta foi, desta foi,
desta foi, esta vez non fallamos.
Xa a Borbona se foi do país.
Non se foi, non se foi que a botamos.
Xa era hora, por fin o logramos,
expulsar esa corte “corruta”
e libramos dunha santa vez
desa tropa de fillos de...

Texto e dirección
Cándido Pazó



Emilia e cigarreiras



Baixo a lúdica dirección de Fina, pero coñecedoras e partícipes do código retranqueiro, as cigarreiras paran en seco antes da última palabra e... saen de escena para dirixírense a outros talleres da Fábrica. Dona Emilia observou con cara de circunstancias a celebración.

DONA EMILIA.- *(Ao público)* A Gloriosa. Que en gloria estea. Hoxe, vinte e cinco anos despois case que me fai graza aquela revolución, pero no seu momento... A ver, non vou dicir que fose unha sorpresa, que anuncios non faltaban desde había uns anos: pronunciamentos militares que quedaban en nada, golpes e golpiños fracasados... Xa saben, aquilo parecía o célebre conto de Pedro e o lobo. Pero finalmente o lobo chegou.

Desde un dos outros talleres entran de novo as cigarreiras en escena.

CIGARREIRAS.- Desta foi, desta foi, desta foi,
desta foi, esta vez triunfamos.
Xa a Borbona se foi do país.
Non se foi, non se foi... *(Silencio)* que a botamos.

AURORA.- A quen botamos?

CONSOLACIÓN.- Estás xorda ou que? Á Bombona.

AMPARO.- Borbona, Consolación, Borbona.

AURORA.- Quen?

FINA.- María Isabel Luísa de Borbón e Borbón. Isabel II.

AURORA.- A raíña?

FINA.- Claro.

AURORA.- Entón quen manda agora?

Texto e dirección
Cándido Pazó



AMPARO.- Non se sabe aínda moi ben. É todo moi recente.

PURA A CHOSCA.- Sábese, sábese. Mandamos nós.

CONSOLACIÓN.- As cigarreiras?

PURA A CHOSCA.- O pobo.

DONICELA.- Ui, demasiada xente a mandar, logo.

AURORA.- Si, e onde todos mandan ninguén goberna.

FINA.- A ver... a cousa é así: polo de agora goberna o xeneral Prim. Xunto con Serrano, que vén sendo como era a raíña, pero sen selo.

DONICELA.- Pois claro, para iso tería que ser Serrana.

AMPARO.- É o rexente. Todo é provisional. Explicallo como é debido, Fina.

FINA.- A ver...⁷

DONA EMILIA.- (*Ao público*) Non é fácil, ollo, que a revolución tiña moita familia. Pais putativos a centos, tíos políticos a miles. E todos os pretendentes. Serrano, que non lle importaría ser algo máis rexio que rexente. Espartero, que tamén se apuntaba. Prim, que quería traer un rei de fóra. O duque de Montpensier, cuñado da Raíña, que aspiraba a substituíla. E logo estaban os carlistas, que querían pescar a río revolto. Sen esquecer os partidarios dos depostos Borbóns, que eles non se esqueceron, non.

PURA A CHOSCA.- Pero que merda é esa?! Faise unha revolución para chimpar a monarquía e sáennos media ducia de aspirantes a monarcas!

⁷ FINA.- Prim é o presidente do consello de ministros. Serrano o xefe de estado. Provisionalmente. Ata que se decida un definitivo. Que pode ser un rei novo. E aí fálase de varias posibilidades: está o duque de Montpensier, que é parente do emperador de Francia; ou outro que veña de Europa. E hai que ter coidado cos carlistas, que queren pór o seu. E cos partidarios da Borbona, claro.



FINA.- A ver, a ver, a ver. Primeiro. Hai moitos tipos de monarquía...

PURA A CHOSCA.- Tamén aquí hai moitos tipos de tabaco, mais todo é tabaco finalmente!

AMPARO.- Niso non lle falta razón.

AURORA.- Si, aí estivo fina.

DONICELA.- Non, Fina está alí.

FINA.- Pero deixádeme acabar, ho! E segundo. O bo sempre se deixa para o final. E o bo é...

AMPARO.- A República!

FINA.- Federal.

PURA A CHOSCA.- Pois sabes que che digo? Que iso de deixar o bo para o final é unha memallada. Ao bo hai que meterlle o dente á primeira, antes de que se bote a perder ou que cho tiren da boca.

FINA.- Tranquila.

PURA A CHOSCA.- Tranquila morreu cagando.

FINA.- A ver, ho! Cada cousa ten o seu tempo. Isto é como facer un cigarro, que vai por pasos. Agora mesmo o que nos ten que quedar claro é por que se fixo o que se fixo, e sobre todo para que se fixo.

DONICELA.- E quen nolo vai dicir? Ti?

FINA.- Eu non. *(Amosando o xornal)* Vén aquí. Aquí. E moi clariño. Atende. Cidadáns e... com...pa..triotas.

Con certo traballo le o titular, pero cando trata de ler o corpo do artigo... entala. Non lle dá a vista. Arreda o xornal... busca a luz... pero nada.

DONICELA.- Ui, parece que tan clariño, tan clariño, non vén.

Texto e dirección
Cándido Pazó



FINA.- Hoxe...

AURORA.- Hoxe Fina non ten a vista moi... fina.

DONICELA.- Si, por iso non dá lido a letra máis... fina.

Perante o nacente clima de sorna e riola xeral que pode botar a perder a improvisada asemblea, Amparo dá un paso adiante. Vai a onde está Fina, cóllelle o xornal, sobe a un lugar alto e, con toda seguridade, le.

AMPARO.- Cidadáns e compatriotas. *(Como por un efecto máxico, o seu xeito firme e resolto capta a atención inmediata das súas compañeiras)* “Hoxe é un día glorioso que quedará marcado en letras douradas nos anais da historia patria, porque, por fin e para sempre, a tiranía e o despotismo foron desterrados da Nación. Ábrese ante nós unha nova era e hoxe asistimos ao seu advenimento.”

AURORA.- A que dixo que asistimos?

PURA A CHOSCA.- Non o sei moi ben, pero chega algo novo, que é o que conta.

CONSOLACIÓN.- E se o novo non é bo?

FINA.- Calade e atendede, cona! *(A Amparo)* Dálle nena, que o fas moi ben.⁸

DONA EMILIA.- *(Ao público)* E tanto que si! Na súa voz timbrada e no seu xeito resolto aquela proclama soaba de marabilla. E ingredientes marabillosos tíñaos, non se pode negar: xustiza social, redención das clases obreiras, educación pública e gratuíta, liberdade relixiosa, igualdade, fraternidade universal...

⁸ AMPARO.- Unha era na que, vivindo nun ámbito de xustiza social, o home deixará de ser lobo para o home. Unha era na que se reconecerán os dereitos dos traballadores, a liberdade relixiosa e a instrución pública.



DONICELA.- Moi ben, moi ben, unha letra moi bonita. Moi bonita. E a música que ti lle pos, aínda a mellora. Pero finalmente é iso, letra. E na letra xa sabemos quen manda.

AMPARO.- A xente letrada, si. Por iso lles convén que os do común non o sexamos. Para que o deixemos todo nas súas mans e así poderen levarnos atados pola corda máis dura de romper que hai: a da ignorancia.

Tras procesaren as inspiradas palabras de Amparo, as compañeiras apláudena.

DONICELA.- Felicítote, Amparo, de verdade. Non é só que leas ben, é que aínda falas mellor. Pero falar ben tamén o fan os curas. Desde o púlpito. Pero hai que baixar ao chan.

AURORA.- Iso é verdade.

AMPARO.- Pois baixo, logo. A ti non che morreu un fillo en África?

AURORA.- Si, en Tetuán.

AMPARO.- E a que foi alá, tan lonxe?

AURORA.- Non foi. Mandárono ir.

AMPARO.- *(A todas)* Aí o tendes, para mostra un botón. Que é iso de que a unha muller lle arrinquen un fillo e que o leven a que os cañóns o esnaquicen por mor de servir ao rei? Hai que acabar coas quintas! Ou van todos ou non vai ningún! Non pode ser que os ricos paguen con cartos e os pobres paguen con sangue!

AURORA.- *(Ás demais, interpretando a aprobación xeral)* Aí falou!

AMPARO.- E outro botón máis. E que nos abrocha a todas. Aquí, na Fábrica. Por que nos mandan sempre tabaco tan cativo? Filipino as máis



das veces. Folla ruín coa que o traballo non rende o que debera conforme ao noso esforzo. Por que? Porque as boas partidas van sempre para Madrid. Por que? Porque é onde se toman as decisións. E xa sabedes: o que parte ben reparte e queda coa mellor parte. Para eles o cubano, para nós a purrela. E logo, os nosos dedos non son tan finos e habelenciosos como os de alá? Ou somos traballadoras de segunda ás que nunca se pode confiar xénero de primeira? Sabedes como lle chaman a ese botón? Centralismo! Un dos tantísimos males que nos afectan a todas. E que é o que nos pode traer a cura deses males? A República!

PURA A CHOSCA.- A República!

AMPARO.- A República, si.

FINA.- Cando veña.

CONSOLACIÓN.- Se vén.

PURA A CHOSCA.- Ten que vir!

AMPARO.- Virá, virá! Seguro que virá!

FINA.- A Federal!

AMPARO.- A Federal!

Exultantes, as cigarreiras vanse, deixando a escena baleira, coa única presenza de Dona Emilia que, sentada, está a ler a súa novela.

10

DONA EMILIA.- *(Ao público, erguéndose)* Desculpen o meu pouco entusiasmo. Que podería deixarme levar, eh, que para entusiasmos eu

Texto e dirección
Cándido Pazó



sempre estou pronta, pero... que queren que lles diga? Pois iso, que a froita cae cando está madura. E se cadra daquela non o estaba. Tamén está o de abanear a árbore, claro. Pero non sempre se pode. Ou non sempre che deixan. En todo caso, as cousas veñen... cando acaban vindo. E, entremetres, o que vén é, coma sempre... (*Sinalando un lateral*) o día a día.

11

Polo lateral sinalado por Dona Emilia entran Amparo e a Donicela, que pasean polo porto de Marineda un domingo á tarde.

DONICELA.- Mirao. Xa esta arribando. O *Bela Luisa*. Que ben navega. Vese que ten bo capitán.

AMPARO.- Pois entón déixote, que seguro que queres estar a soas con el.

DONICELA.- Non, muller, que me apetece moito presentarcho. Ademais que aínda tarda un pouco. Embocar a ría ten o seu aquel.

AMPARO.- É que quería chegar á casa con día.

DONICELA.- Veña, muller, que seguro que nos convida a subir a bordo. A que nunca viches un barco por dentro?

AMPARO.- *Bueno*, hai tantas cousas que nunca vin.

DONICELA.- Pois mira, que mellor forma de acabar un domingo. Anda, senta por aquí, que inda hai tempo.

AMPARO.- E non tes medo a que..?

DONICELA.- Con este mar? Ningún.

AMPARO.- Non, muller. Se non tes medo a que... algún día te... deixe?

Texto e dirección
Cándido Pazó



DONICELA.- E por que había de deixarme? Dez anos de relacións levamos!

AMPARO.- Por iso... se cadra...

DONICELA.- Pois mira, en tal caso, que me quiten o bailado. A ver quen pode presumir de levar tanto tempo cun home dese mérito?

AMPARO.- Ai, chica, pois eu que queres que che diga? Por esas cousas non paso. Eu quero ir coa cabeza ben alta.

DONICELA.- Pois entón máis che valía abaixala un pouco.

AMPARO.- Que?

DONICELA.- Para non a pór tan a tiro, muller. Ou pensas que o de Sobrado ten algunha intención de casar contigo?

AMPARO.- O de Sobrado? E que teño que ver eu co de Sobrado?

DONICELA.- A ver, Amparo, que sei que a cousa vai...

AMPARO.- Vai que, ho, vai que?! A ver, saúdame ao pasar. E eu que son educada contéstolle.

DONICELA.- E algo máis tamén.

AMPARO.- *Bueno*, algunha conversa de vez en cando, non digo que non. Catro palabras, que máis corda non lle dou. Boa son eu.

DONICELA.- Claro, muller. Pero como é militar...

AMPARO.- Que?

DONICELA.- Que iso, que sabe que os asedios queren paciencia e...

AMPARO.- Pois que se arme ben dela, que boa falta lle vai facer.

DONICELA.- *Bueno*, polo de agora creo que che vai dar unha tregua.

Texto e dirección
Cándido Pazó



AMPARO.- E logo?

DONICELA.- Ascendérono a tenente e mándano ás Vascongadas. A loitar contra os carlistas. A ver se non lle meten un trabucazo. *(Con sorna)* Mira, quedabas viúva antes de...

AMPARO.- Boh!

DONICELA.- Ves? Ese si que era un bo plan. Viúva. Moito mellor que casada, onde vai parar! Viúva de. E a poder ser, nova. Claro que para iso terías que casar antes e xa che digo eu que esa breva non...

AMPARO.- E dálle! E a min que me vai niso? E en todo caso, se se dese a cousa, é un supor, por que non había de casar comigo? Que pasa? Que non son da mesma madeira que outras que eran da miña condición e que un día...? Mira a de Ortiz, esa tan guapa, que viste tan ben. En tempos vendía peixe pola rúa, e despois foi cigarreira. Ata que casou con ese home tan rico, e aí a tes. E outra ducia de exemplos podía darche. E ademais, desde que foi a Gloriosa o das clases xa non é coma antes. Ese rei que trouxeron de Italia disque lle dá a man a todo o mundo. E se vén a Federal, entón xa...

DONICELA.- Si, si, vaille con ese conto a dona Dolores de Sobrado, a nai do teu...

AMPARO.- Ui, coidado que mancho! Nin que os de Sobrado fosen da aristocracia. Pero se inda hai quen os lembra cargando fardos no almacén do Catalán, que por aí empezaron. Fillos do traballo, coma ti e coma min!

DONICELA.- Se iso xa o sei, muller, pero...

AMPARO.- Pero nada, Ana. Sabes que che digo? Que se a eles non lle valen os do común, os do común tamén nos valem os sen eles, que pa-

Texto e dirección
Cándido Pazó



ra comer non lles hei de pedir. E o fillo, se quere algo comigo, que veña co cura da man.

DONICELA.- *(Ri)* Ui, ti dixeches que me puñas unha ducia de exemplos, pois eu tamén che sei dunha ducia que dicían o mesmo ca ti e acabaron... como acabaron. *(Ante a reacción de Amparo)* Ai, non mo tomes a mal, que por mal non cho digo.

AMPARO.- Pois paréceo.

DONICELA.- Non, muller. Cada unha que viva ao seu xeito. Pero seu. Sen fiar en promesas nin chamarse a enganos. Casar, casar, casar... Que a ver, claro que si! Pero no entanto hai máis vida, ou que? Pois haberá que vivila, non? Que para monxa xa está Consolación. *(Dada a expresión de Amparo)* Pero deixemos o tema. Deixemos o tema, que non quero que te enfades comigo. *(Sinalando)* Mira, xa está atracando. Vamos. *(Indo)* E que tal a xente por casa?

AMPARO.- *Bueno*, miña nai tollida coma sempre e meu pai... máis vello.

DONICELA.- E ou outro?

AMPARO.- Que outro?

DONICELA.- Chinto.

AMPARO.- Preguntaches pola xente.

DONICELA.- *(Saíndo)* Muller, como es.

AMPARO.- *(Saíndo)* Pois que queres que che diga...

12

DONA EMILIA.- *(Ao público)* Podía dicirlle que o mozo traballaba coma o que ela pensaba que era: un animal. Que agora que o pai xa non esta-

Texto e dirección
Cándido Pazó



ba para moitos trotes, era el o que se ocupaba de todo. De todo, todo, non só da faena dos barquillos. Tamén de ir por auga á fonte, limpar a cociña, ir por sardiñas á praza, e asalas, claro, partir leña, pór o caldo ao lume, atender a impedida, que mesmo lle preparara unha especie de cadeira con rodas... Pero non, o único que lle dixo foi... que un día o rapaz chegara tarde á casa e cheirando a viño! (*Paródica*) E que ela llo contara á nai, e que a vella, que por certo, abstemia non era, o agarrara polos pelos... “que tes ti que andar polas tabernas, pendello, outra vez que cates o viño heille dicir a Rosendo que che dea unha tunda coa correa”, e el “só foron un par de ‘chiquitas’ cun amigo da aldea que atopei”. E que despois ela, Amparo, o botara da casa dun empurrón, “veña, a durmir fóra, borracho!”

Pobre animal! Pobre de vez, que non hai pobreza máis pobre que a do pobre que ten de servir a pobres.

13

Soa a campá da Fábrica. Entran as cigarreiras e dispóñeno todo para o traballo que, coma sempre, farán mentres charlan. Amparo non está. Pura a Chosca leva un pano tapándolle parte da cara.

DONA EMILIA.- (*Ao público*) Pero, en fin, a vida continúa, como ten por costume, e o tempo pasa e... *bueno*, xa se sabe: sete días fan unha semana, catro semanas fan un mes, doce meses fan un ano...

DONICELA.- E logo, Pura, tes unha moa picada ou...?

PURA A CHOSCA.- Teño, teño. E estame matando.

DONICELA.- Xa. (*Baixaño*) Estate matando, si.

AURORA.- E mirade unha cousa...? Non veu traballar hoxe... a Tribuna?

Texto e dirección
Cándido Pazó



FINA.- Cala, muller. Como había de vir?

AURORA.- E logo?

FINA.- Pero non sabes como acabou a cousa?

AURORA.- *Bueno...* eu non quedei ata o final. Vivir na aldea é o que che ten, que hai que marchar antes.

CONSOLACIÓN.- De que falades?

AURORA.- De onte, na... Como lle chamaban a aquilo?

FINA.- Convención Federal.

DONICELA.- *(A Consolación)* Ti sabes o que é iso? Mira que unha convención non ten nada que ver cun convento.

AURORA.- Non lle fales así, ho. Hai que respetar as ideas de cada quen, que xa o dixo o velliño aquel onte na...

PURA A CHOSCA.- Convención.

AURORA.- Esa.

FINA.- *(A Consolación, que parece non entender nada)* Vén sendo como unha... xuntanza moi grande.

DONICELA.- Unha romaría, muller.

AURORA.- *Bueno*, as romarías son a campo aberto e aquilo foi dentro.

CONSOLACIÓN.- Dentro de onde?

FINA.- Do Círculo de Operarios.

AURORA.- Aínda que mellor lle sería telo feito fóra, porque alí non se cabía, mi má!

CONSOLACIÓN.- Tanta xente había?

Texto e dirección
Cándido Pazó



AURORA.- A esgalla!

FINA.- É que viñeron delegados de todas partes. Máis o público, claro.

AURORA.- A min o que máis me gustou foi o velliño.

PURA A CHOSCA.- E dálle co velliño! Que velliño?

AURORA.- O das barbas brancas, ho. O que mandaba na...

PURA A CHOSCA.- Convención! E non mandaba. Presidía.

AURORA.- *Bueno*, agora chámanlle así. Moi bonito falou, ho! (*Facendo por lle dar a elocuencia do orador*) Que todo había de se endereitar se se obraba con boa vontade e rectitude moral, que os republicanos tiñan que se querer como irmáns para seren exemplo de con... con...

PURA A CHOSCA.- Concordia.

AURORA.- Concordia fraterna.

FINA.- Pois si, habían de vir alí arrastrados das orellas os que pensan que os republicanos din cousas malas. Non señor, alí cantábase clariño o que somos: paz, liberdade, traballo, honradez e as mans moi limpas.

PURA A CHOSCA.- Así se fala.

CONSOLACIÓN.- Si, pero... Só por preguntar, eh, que non quero que ninguén se... Non dicían cando veu o *barullo* da revolución o ano pasado, que nos ían dar todo iso? Conforme aqueles non o deron, podería cadrar que non o dean estoutros, non?

FINA.- Non! Non, non, non. Estes son doutro ser. Estes miran polo ben do pobo.

DONICELA.- *Bueno*, o que miran... xa se verá. Se se ve. Porque...

FINA.- Porque que?

Texto e dirección
Cándido Pazó



DONICELA.- Porque polo de agora... tragan co que lles boten. Tanta festa que fixestes por chimpardes á Borbona, que o merecía, e agora puxéronvos outro rei. E de fóra.

PURA A CHOSCA.- Aí doulle a razón.

CONSOLACIÓN.- Pero parece boíño, non?

AURORA.- Ai, iso si. Boíño parece. O que non me gusta nada é o nome. Amadeo, por favor! Ese é un nome dun... panadeiro, non dun rei.

DONICELA.- E xa postos, eu tamén quero preguntar. Que hai diso que se comenta de que van quitar a estancación?

FINA.- Ala, xa saú o temiña da estancación! Que iso só é un rumor!

DONA EMILIA.- (*Ao público*) Estarán preguntándose que é iso da estancación: o monopolio estatal sobre o tabaco.

FINA.- E ademais. Se desestancan que? Agora o Goberno tennos aquí presas. Gañamos o que a el lle peta. Se nos mandan malas consignas, como ben dixo Amparo, temos que roelas. El chupa e engorda. E nós apandamos. Se quitan a estancación que a quiten! Aquí as raíñas somos nós. As que temos a habelencia nas mans. É con nós con quen ten que vir bater o consumidor, e o estanqueiro, e se vén a man, o ministro do ramo.

DONICELA.- Moi ben, moi ben, pero... Unha preguntitiña máis: a día de hoxe falta xente que queira traballar na Fábrica?

PURA A CHOSCA.- Que vai faltar, ho! Cada día cómpren máis recomendacións.

Texto e dirección
Cándido Pazó



DONICELA.- Pois aí o tendes! O día que quiten a estancación bótase medio mundo a traballar no tabaco. E habendo moita xente a traballar, xa se sabe... os prezos polo chan.

AURORA.- Aí razón non lle falta. Na miña aldea había un capador, e gañaba ben a vida. Pero agora hai tres, e alá foi o negocio.

PURA A CHOSCA.- Que terá que ver facer cigarros con cortar collóns!

AURORA.- *(Triscando coas tesouras)* Ai...

FINA.- En todo caso, iso non é cousa dos republicanos.

PURA A CHOSCA.- Xa. Pero seguro que nos botan a culpa tamén.

FINA.- Si, como de todo. Sobre iso falou moi ben onte Amparo.

CONSOLACIÓN.- E logo, tamén falou ela?

FINA.- Si, en nome de todas nós.

DONICELA.- Ei, ei, ei! No meu non. E non o digo por mal, que ben sabedes que somos amigas, pero cada unha...

FINA.- En nome das que fomos.

AURORA.- Eu no que non estou de acordo é niso que fixestes ao principio.

FINA.- O que?

AURORA.- O de vós pordes en fileira alumando con fachos a chegada dos... estes que falaron.

PURA A CHOSCA.- Os delegados.

AURORA.- Eses.

CONSOLACIÓN.- Ai, ave María Purísima! Como quen aluma os santos?



PURA A CHOSCA.- *Bueno*, a min tampouco me chistou moito aquilo, pero... bonito quedou.

AURORA.- Ai, iso si! Bonito si!

FINA.- *Bueno*, e Amparo...!!!

DONICELA.- Que tiña?

FINA.- Que tiña? (*Levantándose*) A sensación da velada! Cun vestido que lle realzaba a figura, así.. da cor do tabaco fino, tipo Virxinia. E un “pañolón” de Manila, dun vermello vivo que atraía a luz, a xogo cun ramo de flores que levaba. Rosas de Bengala con matices de sangue!

DONA EMILIA.- (*Ao público*) Pois si. Parecía a representación da liberdade nun cadro do Romanticismo!

FINA.- E non vos digo nada cando subiu ao estrado para ofrecerlle o ramo á Convención. Aquilo foi...!

DONICELA.- Ui, xa me figuro, todos aqueles homes...

FINA.- *Bueno*, si, piropos non faltaron.

PURA A CHOSCA.- E algo máis tamén.

FINA.- Tamén. Pero ela ao seu, cabeza alta, aquí vou eu.

AURORA.- E iso que o vello metía *respeto*, con aquelas barbas brancas, que parecía un “pratiarca”.

FINA.- E cando o presidente a convidou a dicir unhas palabras, que con iso non se contaba, ela como se nada, botouse a falar, alí diante de todo aquel xentío, que eu seguro que xa me atragoaba. Pero ela arranca e... pouco a pouco foise facendo o silencio.

AURORA.- Si, ho, nin unha mosca se sentía.

Texto e dirección
Cándido Pazó



FINA.- E ao velliño, como di esta, comezan a escorregarlle as lágrimas polas fazulas...

AURORA.- E a nós, que eu choraba por min abaixo.

FINA.- E cando Amparo remata vai o home e di: ¡cidadáns delegados, compañeiros republicanos, velaquí a teñen: a tribuna do pobo!

CONSOLACIÓN.- A que?

FINA.- A tribuna.

CONSOLACIÓN.- E iso que quere dicir?

AURORA.- Ves? A min pasoume igual.

PURA A CHOSCA.- Pois vén sendo como... unha que fala con todos.

CONSOLACIÓN.- Unha que fala con todos! E díxollo así, á cara?

FINA.- Tranquila, Consolación, iso é... como unha representante da xente.
A voz do pobo!

AURORA.- Ah. Xa dicía eu que tiña que ser algo de moito mérito, porque a xente rompeu a aplaudir...!

FINA.- Pois si, e niso un berrou: viva a Tribuna! E todos, Viva! Viva a Tribuna!

Aurora e Pura a Chosca dan tamén vivas á Tribuna. Soa a campá da Fábrica e as cigarreiras comezan a recoller e írense. As últimas en marchar son Aurora e Consolación.

AURORA.- E así foi, si señor. Así foi. Talmente como ela o contou. Moi ben contado, por certo.

FINA.- *(Vaise)* Grazas.

AURORA.- E, claro, rebautizada quedou.

Texto e dirección
Cándido Pazó



CONSOLACIÓN.- Como rebautizada?

AURORA.- Que lle quedou de alcume.

CONSOLACIÓN.- Non entendo.

AURORA.- Claro, muller. A ver, a Pura chámanlle a Chosca, non é?

CONSOLACIÓN.- Ai, eu non.

AURORA.- Pero o resto da fábrica si. E eu son Aurora a Pataca, que ben o sei. Ana é a Donicela. Ti...

CONSOLACIÓN.- Xa. A coxa.

AURORA.- *Eculicuá.* Pois agora Amparo é... *(Dándolle moito arroallo)* A Tribuna!

14

Dona Emilia, que estivo moi atenta ao decorrer de toda a escena, decátase de que as cigarreiras a deixaron soa.

DONA EMILIA.- *(Ao público)* Vaia, ao final vanse sen aclarar porque non veu traballar hoxe... *(Imitando a Aurora)* a Tribuna! Pero non se preocupen, se me conceden algo de tempo cóntollelo eu. *(Pondo todo o seu empeño en facer unha narración amena e gráfica)* Seguimos na convención federal: despois dos protocolos veu o debate. E alá foi a concordia fraterna! Uns, que se hai que pasar á acción. Outros, que xa non son os tempos da Revolución Francesa, que agora hai outros camiños. “Si, pero os camiños non se abren sós, hai que abrílos. Vale, pero a pico e pala, non a tiros”. E pouco a pouco aquilo foi derivando nunha especie de feira da controversia. *(En xeito de pregón)* “Auga de limón...”, e nunca mellor dito o de feira,

Texto e dirección
Cándido Pazó



“auga de limón fría”. Que facía boa falta, eh, que a calor dialéctica non era nada en comparación coa calor física. Nin respirar se podía! E o debate que subía de temperatura. “Mellor perder as colonias que perder os principios. Non, iso sería un desprestixio”. E entre o público, “barquillos, barquillos”. Era o pai de Amparo, que decidira achegarse por alí, que a ver, aquel xuntoiro, como el dicía, dáballo noxo e tiña boas agarradas coa filla por meterse en políticas, pero... a feira hai que aproveitala. E uns delegados que federar, si, pero con mesura. E outros que federar non, mellor confederar. E a xente que xa non atendía ao debate porque tiña outras urxencias. “*Bueno, bueno*, sen empurrar, sen empurrar! Pero que pasa aí?”. (*Cambiando a un ton evocador e melancólico*) E o que pasa é un grupo de xente levando un coitado dun vello medio no colo, medio arrastro. “Deulle un accidente! Da cabeza? Ou do corazón, non se sabe”. E detrás del un ronsel de barquillos ciscados polo chan... Barquillé...

ESCURO

15

Mudando o momento e o ambiente, irrompen en escena as cigarreiras que, cantando e bailando, festexan o seu día: a virxe do Amparo.

CIGARREIRAS.- Xa está aquí, xa chegou,
xa esta aquí, xa está aquí a nosa festa,
viva a nosa señora do Amparo,
a que avoga polas cigarreiras.

DONA EMILIA.- (*Ao público, berrando para se facer escoitar*) Aínda ben que o calendario decreta días alegres. A virxe do Amparo, a patroa da Fá-

Texto e dirección
Cándido Pazó



brica. Despois da misa viña a festa, e o xúbilo das cigarreiras invadía as rúas.

CIGARREIRAS.- Xa chegou, compañeiras.
Xa está aquí, xa está aquí o noso día.
Non podemos desaproveitalo,
alegría, alegría, alegría.

PURA A CHOSCA.- Todas a San Hilario!

As cigarreiras saen de escena para se dirixiren a outra rúa onde següiren coa troula, pero...

DONICELA.- Espera, Amparo.

AMPARO.- Que pasa?

DONICELA.- Non sei se te decataches.

AMPARO.- De que?

DONICELA.- Temos espías. Quieta, non mires. Disimula. Alá arriba, no outeiro aquel. O capitán babosón, co teu tenente. *Bueno*, perdón, que agora tamén é capitán. O capitán Baltasar Sobrado.

AMPARO.- E logo, xa está de volta?

DONICELA.- Está.

AMPARO.- Pero a guerra non acabou.

DONICELA.- Non ho, que os carlistas son correúdos. Pero xa o releva-
ron. Síntocho, desta non quedaches viúva.

AMPARO.- Boh, non empeces ti xa! E que fan aí?

DONICELA.- Recoñecer o terreno, supoño.

AMPARO.- Boh.

Texto e dirección
Cándido Pazó



DONICELA.- E ademais como agora está libre...

AMPARO.- Como libre?

DONICELA.- Que xa non anda atrás da remilgada aquela, a filla da viúva de García.

AMPARO.- Ai, non?

DONICELA.- Polo que me contaron o preito ese que tiñan en Madrid vai moi mal e o capitán Sobrado recibiu ordes maternas de baterse en retirada. Así que prepárate, que seguro que trae ardor guerreiro.

DONA EMILIA.- *(Ao público)* Dío por brincar, claro. Pero o certo é que unha experiencia forte pode cambiar moito unha persoa. E poucas experiencias hai tan fortes como a guerra. O agora capitán Sobrado sempre fora de carácter máis ben... vacilante. E ata entón o seu... “asedio”, como diría a Donicela, non pasara dun medido galanteo. Pero, despois de ventar tan a diario a presenza da morte, voltara das Vascongadas resolto a espremerlle todo o zume á vida. Pero calma, que iso xa se irá vendo. *(Abrindo o libro por unha folla marcada)* Polo de agora a nosa Tribuna ten outras batallas máis... inesperadas?

16

Na súa casa, saíndo do seu cuarto entre tebras, arrecuando sobresaltada, entra en escena Amparo. Vai a medio vestir a súa roupa de traballo.

AMPARO.- Que susto me deches, repelo! Que fas aí?

DONA EMILIA.- *(Ao público, mentres Amparo, apresuradamente, termina de vestirse)* É Chinto, diante da porta do cuarto de Amparo, unha mañá, antes de ir ao traballo. *(Lendo no libro a parte de Chinto)* Bueno, muller, estaba aberto e...

Texto e dirección
Cándido Pazó



AMPARO.- E que queres?

DONA EMILIA.- *(Chinto)* Pois quería... Quería eu... *(Ao público)* As palabras ás veces son remisas. Basta que as necesites... *(Chinto)* Quería dicirche que...

AMPARO.- Arranca, dunha vez, que teño présa!

DONA EMILIA.- *(Chinto)* Pois iso... que... como “teupaiquenpazestea” xa non... Claro, xa non. E como eu... xa ben ves que seguíñ co dos barquillos, e con gusto, que se me dá ben o oficio, pois... quero dicir que, xa podían quedar para min os trebellos todos. Para min, de dono, en... en troca do que me debía de soldada “teupaiquenpazestea”, porque, a ver, “teupaiquenpazestea” a min debíame...

AMPARO.- Pero acabarás!

DONA EMILIA.- *(Chinto)* Quero dicir... *(Ao público)* Paciencia, que a cousa ten o seu... *(Chinto)* Pois iso, que se ti admites o arrendo do trato, podes, quérese dicir, podemos... podemos os dous, entrambos...

AMPARO.- Podemos que?

DONA EMILIA.- *(Chinto)* ...casar.

Amparo, abraida ao verse requirida de amores polo “animal ese”, non sabe se soltar a máis grande das gargalladas ou a peor das maldicións.

DONA EMILIA.- *(Chinto)* Porque eu, a ver, querenza... téñocho toda. E por traballar, xa sabes, ata partirme o espiñazo!

AMPARO.- *(Saíndo de escena por onde entrou)* Partir, vouche partir eu a ti a crisma como non te me saques de diante! Váiteme de aí!

DONA EMILIA.- *(Ao público)* Pero el, nunha torpe reacción, agarrouna. Ela, ao notar o seu contacto, foi tal a repugnancia que sentiu, que to-

Texto e dirección
Cándido Pazó



da a carraxe acumulada contra el acabou rebentando descontrolada. Había por alí unha imaxe da nosa señora do Amparo, de bronce, deste tamaño, botoulle a man, e o dito: partiulle a crisma! Pobre animal. Ganindo coma un canciño liscou para unha esquina do patín. Sangraba a fio pola ferida da testa, pero aínda máis pola da alma.

NAI.- *(Desde fóra)* Pero ti que fixeches, nena!?

E a voz da nai de Amparo, que vén desde fóra de escena, desde o seu cuarto. Dona Emilia vaina buscar e tráela na súa cadeira de rodas.

DONA EMILIA.- *(Ao público, índoa buscar)* Desculpen, é a nai de Amparo, vou...

Amparo entra de novo, rematando de calzarse.

NAI.- *(Entrando, empurrada por Dona Emilia)* Que lle fixeches ao rapaz?

AMPARO.- Nada que non merecese. E non se preocupe, que bicho ruín aguántao todo.

NAI.- Pero que pasou, logo?

AMPARO.- Ben o sabe a señora. Que seguro que estaba escoitando.

NAI.- *(Ante a ollada de Amparo)* Pois si. Ben o sei, si. E sabes que máis sei? Que non era mal trato o que che propuña.

AMPARO.- Como??!!

NAI.- Ti que es? Cigarreira coma min. E el que é? Barquilleiro coma teu pai que en paz descanse. Tal para cal. Que che din por aí que vales moito, que es moi sabida, e patatín e patatán... Paparruchas! El traballa arreo, é bo, déixase levar, está por ti... Que máis lle queres?

AMPARO.- Esta é nova! Non sabía que a señora lle tivese tanta estima?

Texto e dirección
Cándido Pazó



NAI.- Des que morreu teu pai, isto aquí... se non fora por el...

AMPARO.- E logo, non traio diñeiro eu?

NAI.- O que podes, muller. Pero nunha casa sempre fai falta un home. É así. E mira, ti xa non tes que andar a buscalo por aí.

AMPARO.- Cale, por favor! Só de pensalo xa se me revolve todo!

NAI.- O que tes ti é moita soberbia, pero xa veremos en que che queda a cousa.

AMPARO.- Non ha de haber queixa, que ben me sei valer eu. E sabe que lle digo? A partir de hoxe non quero velo máis por aquí. Era o que faltaba, que teña que atrancar a porta cada vez que me vista! Veña, que a levo para a cociña, que teño que marchar.

DONA EMILIA.- (*Ao público*) Pois si, e sen perder máis tempo, que xa estaba rompendo o día, e o camiño á Fábrica era longo.

NAI.- Mira que lle debemos cartos.

AMPARO.- (*Entrando de novo*) Heillos devolver, que non se preocupe. Real a real. Pero cusbindo antes en cada un. Pola cara e pola cruz.

DONA EMILIA.- (*Facendo a parte de Chinto*) Non fai falta!, (*Ao público*) díxolle Chinto, entrando de novo e botándolle aos pés os utensilios que pretendara herdar do seu defunto pai. Traía con el unha marra. Levantouna... (*As mulleres asústanse*) ...e comezou a descargar golpes contra os trebellos que ciscara polo chan... ata convertelos nun amasallo de ferranchos. E así foi como os barquillos, tortura da súa infancia, desapareceron para sempre da vida de Amparo. Barquillé... Miren, isto recórdame que... Desculpen, vou á cociña un momento ver se Lupe xa conseguíu... (*Vaise*)

Texto e dirección
Cándido Pazó



17

Soa a campá da Fábrica. Charlando entre elas e dispendo as cousas para comezaren a traballar, van entrando as cigarreiras.

AURORA.- Pois si, si. Así como volo conto. Non sei onde imos parar!
Como isto siga así...

DONICELA.- Pero iso son cousas que se din, muller.

AURORA.- Pois se se din por algo é. Que esas cousas non se inventan.

DONICELA.- Bueno...

AURORA.- E iso aínda non é o peor. Despois está o asunto ese do roubo dos nenos? Está o mundo perdido!

FINA.- Roubo dos nenos?

AURORA.- Pois si. Disque anda por aí unha especie de compañía que rouba nenos! Anda a xente asustadísima!

CONSOLACIÓN.- Ai, ave María Purísima! E para que os rouban?

AURORA.- Para chucharlles o sangue, ou quen sabe. Criaturiñas! (*A Amparo*) Seguro que no xornal vén algo. Non vén, Amparo?

AMPARO.- Pois non lin nada.

AURORA.- Bueno, porque o tapan. É o de sempre.

PURA A CHOSCA.- Eu tamén sentín falar diso. Seica son os protestantes.

DONICELA.- Os protestantes?

PURA A CHOSCA.- Iso foi o que a min me dixeran.

CONSOLACIÓN.- E eses quen son?

Texto e dirección
Cándido Pazó



AMPARO.- Ai, Consolación, pero ti en que mundo vives?

PURA A CHOSCA.- É unha relixión de alá, dos ingleses. E os nenos non é que os rouben, seica llos piden ás familias, para educalos á súa maneira, alá na súa terra. Pero claro, unha familia pobre, cun bando de fillos, pois a ver...

DONICELA.- Pero de onde sacades vós todas esas lerias?

PURA A CHOSCA.- A min quen mo dixo sabíao de boa tinta.

AURORA.- A culpa tamén é do Rei este “macarroni”, e máis do Goberno e das Cortes...

FINA.- E por que?

AURORA.- Por lle andar dando “cuartelillo” aos protestantes eses. Que falta nos facían máis relixións? Xa temos a que temos.

DONICELA.- É a liberdade relixiosa. Cousas que trouxo a Revolución.

AURORA.- Pois mira ti que adianto!

FINA.- *Bueno*, cada quen é libre de crer no que queira.

DONICELA.- Ou de non crer.

AURORA.- Pois por iso, para non crer xa temos a nosa. Para que vas andar traendo outras de fóra?

AMPARO.- Ninguén as trae. Veñen elas.

AURORA.- Máis ao meu favor.

FINA.- A ver, ollo, que eu son a primeira que non me gusta que haxa republicanos que estean todo o día a cuspir contra a relixión.

AMPARO.- Iso é verdade, tampouco hai necesidade diso.



CONSOLACIÓN.- Pois a min dixéronme que se gañan algún día non queda unha igrexa en pé.

FINA.- Esas son calumnias!

AURORA.- *Bueno*, cando o paxaro canta... Porque ti falas, falas, pero...

FINA.- *(Enfadada)* Pero que? Que tes que dicir ti de min? Cando me viches a min falar contra as cousas sagradas? Eu son republicana, e a moita honra, *(Persignándose)* pero sei que hai algo máis arriba.

AMPARO.- Iso desde logo. Que unha cousa non quita a outra.

PURA A CHOSCA.- A ver, Fina, algo de razón ten Aurora. E xa sabes que eu beata non son, que se hai que botarlle un pecado de vez en cando, bótollo.

FINA.- Pois eu non, mira.

PURA A CHOSCA.- Pois eu si, mira. E se algunha vez cadra que hai que cagarse un pouquiño nun santo, cágame.

CONSOLACIÓN.- Ai, non digas iso, Pura, por favor!

PURA A CHOSCA.- Digo, digo. Pero cágame nos nosos, que para algo son nosos. Porque ti es lista, Fina, e ninguén che vai comer o siso. Pero hai xente por aí que... Mira a Píntiga...

CONSOLACIÓN.- Quen?

PURA A CHOSCA.- Esa do taller do lado, que ten cara así como de...

FINA.- Que lle pasa?

PURA A CHOSCA.- Que se meteu a protestanta.

AURORA.- Como??!

PURA A CHOSCA.- E logo non o sabíades?

Texto e dirección
Cándido Pazó



DONICELA.- Eu si.

AMPARO.- E por que o faría?

FINA.- Se cadra déronlle cartos, ou...

AURORA.- Pois a min nin mil pesos que me desen! Que unha é pobre, e ben que me viñan para vestir os fillos como é debido, pero...

CONSOLACIÓN.- Ai, por favor. Condenar a alma por mil pesos!

AURORA.- Cala, ho, antes come unha broa toda a vida, e que non falte, pero nunha desas non che me meto, non!

PURA A CHOSCA.- Nin eu!

AMPARO.- Eu tampouco.

FINA.- Pois claro que non!

DONICELA.- *(En vista de que todas miran inquisitivamente para ela.)* Non, claro.

AURORA.- E que lle mandarán facer os protestantes á Píntiga? Mil indecencias, seguro.

PURA A CHOSCA.- Seica a mandan ir todas as tardes a unha corte, que disque puxeron alí unha capela das súas, e fan que cante nesa lingua deles, que non se entende nada.

AURORA.- Serán xuramentos e pecados.

CONSOLACIÓN.- Pero... os protestantes... quen veñen sendo?

PURA A CHOSCA.- Uns cregos que se casan.

CONSOLACIÓN.- Ai, Nosa Señora me asista! Pero cásanse coma nós?

DONICELA.- Coma ti precisamente, non.



PURA A CHOSCA.- Casan, ho! Diante da xente, e levan os críos da man, á vista de todo o mundo!

AURORA.- Érache o que nos faltaba! Xa os cregos de aquí son... como son. Pero polo menos fano ás agachadas.

FINA.- *Bueno*, non todo. Que para meterse en política e esbardallar contra nós nos púlpitos non se esconden, non.

AMPARO.- Nin para unirse aos carlistas.

CONSOLACIÓN.- E o arcebispo que fai?

AURORA.- Iso digo eu. Como non os mete presos?

PURA A CHOSCA.- Pero que dicides? Se eles están contra o arcebispo, e contra o Papa de Roma de acá!

CONSOLACIÓN.- Ai, si?!

PURA A CHOSCA.- Si, claro. E contra Deus e os Santos e a Nosa Señora do Amparo...!

AMPARO.- Ai, non, non, iso si que non! Alá cada quen coa fe de cada quen. Ou con ningunha, que ten que haber xente para todo. Pero á Nosa Señora do Amparo que non nola toquen. Se están contra ela é coma se estivesen contra todas nós.

DONICELA.- E por que?

AMPARO.- Porque é a patroa da Fábrica, ou non?

DONICELA.- *Bueno*, si, claro.

AURORA.- Mira ti a Píntiga! A lavada esa! Deixa que como coller a colla eu por banda...!



CONSOLACIÓN.- *(Observando algo que pasa fóra de escena)* Calade, calade,
que aí a vén!

DONICELA.- Quen?

CONSOLACIÓN.- A Píntiga!

FINA.- E logo que vén facer ao noso taller?

CONSOLACIÓN.- Seica ten sede.

PURA A CHOSCA.- Pois que beba, quen llo impide?

CONSOLACIÓN.- As compañeiras, que non lle queren dar. Por iso vén
aquí.

AURORA.- Ai, pois aquí tampouco lle dámos, que nos queda pouca auga!

CONSOLACIÓN.- Pero...? É unha das obras de misericordia: dar de be-
ber a quen ten sede.

AURORA.- *(Indo ao porrón)* Pois mira, eu téñoa. Uf, moitísima. Teño moi-
tísima sede! *(Bebe. A Pura a Chosca)* Ti non tes sede tamén, Pura?

PURA A CHOSCA.- Pois... si. Si, agora que o penso, teño moita sede.

*Pura a Chosca bebe... e pásalle o porrón a Amparo... que, con pouca con-
vicción, tamén bebe. Esta pásallo a Fina... que, con certa reticencia, aca-
ba bebendo e ofrécello á Donicela, que, sen demasiado entusiasmo pero
sen demasiado reparo, bebe tamén. Toda esta insolidaria acción foi ob-
servada por dona Emilia que, un pouco antes e comendo un barquillo, en-
trou de novo en escena.*

Texto e dirección
Cándido Pazó



PURA A CHOSCA.- E que, Consolación, ti tamén terás sede, digo eu.
 Porque aquí todas temos sede. *(Ofrecéndolle o porrón)* Toma, a que queda para ti. Bebe!

CONSOLACIÓN.- *(Colle o porrón)* Non. Non teño sede. Non teño.

AURORA.- Boh! Trae para acá!

Aurora cóllege o porrón a Consolación, vai onda o caldeiro e baleira alí o resto da auga. Soa a campá da Fábrica. As cigarreiras vanse.

18

DONA EMILIA.- *(Ao público)* Xa ven, iso é o interesante das persoas, que non estamos feitas dunha peza, que temos as nosas voltas, as nosas esquinas... Se me permiten pórme exquisita, que podemos ser... poliédricas e ambivalentes. E moitas veces contraditorias. Si, con todas as nosas luces, as nosas sombras e, sobre todo, as nosas inmensísimas penumbras. *Bueno*, o caso de Consolación é un pouco diferente. Pero xa lles dixen que ela era moi santiña. Por iso a Fábrica lle quería tan ben, e especialmente Amparo, que se preocupou moito cando de aí a unhas semanas deixou de ir ao traballo sen que ninguén soubese por que.

En intersección coa última frase de Dona Emilia vemos entrar en escena a Amparo, que vai cara a casa onde vive Consolación. Ao chegar diante da súa porta...

AMPARO.- Consolación!

CONSOLACIÓN.- *(Saíndo da casa, entra en escena)* Ai, ola, Amparo. E ti por aquí?



AMPARO.- Vin ver como estabas. Como hai uns días que non se sabe nada de ti...

CONSOLACIÓN.- Ai, perdoa, pensaba mandar recado, ou ir eu, pero...

AMPARO.- E logo que che pasa?

CONSOLACIÓN.- Nada. *Bueno*, si. Si que me pasa. Pásame o mellor que me podía pasar! Entro, Amparo!

AMPARO.- Como que entras? Que entras onde?

CONSOLACIÓN.- En Santa Úrsula.

AMPARO.- No convento?

CONSOLACIÓN.- Pois claro! Xa teño o dote!

AMPARO.- Pero, muller, agora que din que xa se acaban as monxas!

CONSOLACIÓN.- Que van acabar! E moito menos as de Santa Úrsula, que hai un señor liberal, alá en Madrid, que mirou por elas.

AMPARO.- E o dote? Quen cho deu?

CONSOLACIÓN.- A Señora.

AMPARO.- Que señora?

CONSOLACIÓN.- A da Consolación. A miña virxiña querida. É que verás, eu sempre apartaba uns pataquiños do que cobraba, para xuntar para a lotería. Ai, sentíame tan mal, con tanta culpa! Coa necesidade que hai na casa, e no mundo, e eu gastando na lotería! Entón dicíalle á Nosa Señora, ti sabes ben polo que o fago, que por vicio non é. Nin por cobiza. E se me axudas e me toca prométoche, que a metade ha ser para ti. Pero nada, non tocaba e non tocaba...

AMPARO.- Si, claro, fiate.

Texto e dirección
Cándido Pazó



CONSOLACIÓN.- Pois si, hai que fiarse, si. De quen cho merece si, porque esoutro día, queres ver que vou mirar o décimo... e taca! Premiado! E un lote de cartos! E cumprín. A metade para a Nosa Señora. Xa lla entreguei ao capelán do Santuario. E o resto...

AMPARO.- Para o dote?!

CONSOLACIÓN.- Claro.

AMPARO.- Todo?

CONSOLACIÓN.- *Bueno*, todo, todo, non, que inda gastei algo en buscarlle colocación aos meus irmáns.

AMPARO.- E a ti non che quedou nada?

CONSOLACIÓN.- Si, claro, xa cho dixen. O do dote.

AMPARO.- Boh. Para ti, para ti, muller

CONSOLACIÓN.- E eu para que quero nada? No convento non me vai facer falta.

AMPARO.- Ai, Consolación, filla, pero ti!

CONSOLACIÓN.- Cada quen é feliz como é.

AMPARO.- Xa, iso é verdade, pero...

CONSOLACIÓN.- Ti déixame a min.

AMPARO.- Si, muller, pero, a ver...

CONSOLACIÓN.- *(Cortándoa)* *Bueno...* E ti que?

AMPARO.- Eu que, de que?

CONSOLACIÓN.- Do teu.

AMPARO.- Do meu? Do meu nada.

Texto e dirección
Cándido Pazó



CONSOLACIÓN.- *Bueno*, muller, se non me queres contar no me contes e xa está, non se fala máis, pero non me digas que nada, que serei parva, pero non tanto.

AMPARO.- Ui que me parece que xa estivo por aquí un bichiño...

CONSOLACIÓN.- Que bichiño?

AMPARO.- A Donicela.

CONSOLACIÓN.- Non lle chames así, que xa sabes que non lle gusta.

AMPARO.- Vale, Ana. Pois mira, si. O de Baltasar foi para adiante.

CONSOLACIÓN.- Ah, si?

AMPARO.- Si. Veño de estar con el. Pero ollo, púxenlle as cousas moi clariñas. Comigo nada de xogos. A min respectáseme como a calquera señorita desas do seu mundo, que os tempos de abusar dos de abaixo xa pasaron á historia.

CONSOLACIÓN.- E el que che dixo?

AMPARO.- *Bueno*, pois que para el non había categorías ou distingos, nin barreiras sociais, que iso son antigallas. E que se o amor anda de por medio entón xa... E máis que... Ai, muller, é que non sei que me dá... pois iso, que estaba...

CONSOLACIÓN.- Que estaba que?

AMPARO.- *Bueno*, pois... iso, namorado de min.

CONSOLACIÓN.- Ah. E o que tiña coa de García?

AMPARO.- A de García, a de García... Coa de García non tiña nada. *Bueno*, si... xogos. Iso si que eran xogos. De señoritos, claro. Cousas



da familia. Os de Sobrado, que xa sabes como son. Pero el é distinto e iso acabouse. Non sempre van gañar os mesmos.

CONSOLACIÓN.- Pois mira, que saibas que Ana nada me dixo. Pero eu algo ventaba, porque ultimamente andas sempre tan ben posta, tan...

AMPARO.- E logo, antes andaba mal?

CONSOLACIÓN.- Non, muller, ti mal nunca. Pero, non sei... vistes mellor, preparáste máis, e levas sempre...

AMPARO.- E que que queres que lle faga? Os agasallos son para lucilos, non? *(Mostrándolle uns pendentes)* Mira, regaloumos el. Gústanche?

CONSOLACIÓN.- Carai! Son de ouro!

AMPARO.- Si, claro. E este pano tamén mo comprou el.

CONSOLACIÓN.- Vaia. Así que entón, tendes relacións...?

AMPARO.- Si, como é debido.

CONSOLACIÓN.- Pois veña, vamos dar un paseo e cóntasmo todo.

DONA EMILIA.- *(Ao público)* E deulle todo luxo de detalles. *Bueno*, todo, todo non. Porque nada lle dixo de que aquelas relacións tiñan algo como de... a ver, se non de clandestino, polo menos de reservado. Que os seus encontros eran en lugares... amenos, encantadores, e ata románticos, pero... sempre apartados e discretos.

19A

Soa a campá da Fábrica. Entran as cigarreiras e van colocando os seus trebellos. Están todas menos Fina e, loxicamente, Consolación.

PURA A CHOSCA.- Que pasa?

AURORA.- Chamaron a Fina á Dirección.

Texto e dirección
Cándido Pazó



PURA A CHOSCA.- Á Dirección! E logo?

AURORA.- Non sei que lle queren.

DONICELA.- Igual queren pararlle un pouco os pés. Tanta lideira política... Á Dirección iso non lle gusta.

AURORA.- (*A Amparo*) E por que non fuches ti con ela, Amparo?

AMPARO.- Eu? E por que había de ir?

AURORA.- *Bueno*, ti tes máis labia e tes máis arroallo.

AMPARO.- Xa, pero... chamárona a ela. E ben se ha de valer, muller.

AURORA.- Si, supoño que si, pero... non sei, sempre podías aproveitar para dar algunhas queixas.

AMPARO.- Que queixas?

AURORA.- Que queixas di! (*A modo de exemplo*) Pois mira, esta porcaría de folla que nos chega ultimamente...

DONICELA.- Si, ho. Bo traballo han de pasar os que fumen este veneno.

AURORA.- Traballo o noso, que tardas en facer un cigarro o que antes tardabas en tres. E despois está o dos retrasos. Hai máis dun mes que non vemos unha cadela.

DONICELA.- As cousas como son. Isto foi a peor.

AURORA.- Foi, ho! Ti que dis, Amparo?

AMPARO.- Eu? Pois... Que vou dicir? Que si, que está mal. Está mal.

AURORA.- Mal? Mal é pouco. Ti porque es solteira. Pero para as que temos fillos que manter isto empeza a ser unha traxedia!

FINA.- (*Entrando, claramente contrariada*) Ola.

Texto e dirección
Cándido Pazó



DONICELA.- Que cara traes, chica.

AURORA.- Que, que che dixeron?

FINA.- Ofrecéronme un posto de xefa de taller.

DONICELA.- Como?!

AURORA.- Mira ti, nós aquí preocupadas, pensando que che querían parar os pés e...

FINA.- Pois si, iso era o que querían, xustamente. Pero dixerlles que non. Que estou ben como estou.

DONICELA.- Ah, claro. Agora entendo a cara. Renunciar a esa bicoca non debe de ser fácil.

FINA.- Para min si. A cara non é por iso.

DONICELA.- Entón?

FINA.- É que acabamos discutindo, polas consignas, os retrasos... e para calarme a boca déronme unha noticia que...

AURORA.- Que pasou?

FINA.- Hai unha roubona no noso taller.

AURORA.- Quen, ho?

As cigarreiras miranse unhas ás outras. Silencio.

FINA.- (*Mirando para Pura a Chosca, desde unha amarga decepción*) Dise o pecado, pero non o pecador. Inda que o pecador sexa alguén por quen eu poría a man no lume.

AMPARO.- (*A Aurora, que mira para ela*) Ei, ei, ei! A min non me mires.

PURA A CHOSCA.- Dío por min.

Texto e dirección
Cándido Pazó



FINA.- *Bueno.* Inda menos mal. Polo menos que o recoñezas.

PURA A CHOSCA.- Pero... a ver, foron catro cigarros.

FINA.- Catro un día, catro outro, catro outro... (*Ás demais*) Descubriuna unha xefa de taller e estivo vixiándoa durante un tempo. Pero tanto ten que foran catro que catrocentos. É o feito.

DONICELA.- A ver, a ver, que por aí tampouco ha de ir á ruína a Fábrica.

FINA.- Non, claro. Pero o noso creto, si.

DONICELA.- O creto de quen?

FINA.- Das que estamos comprometidas. Das que temos unha causa. Das que estamos obrigadas a sermos as máis honestas, as máis traballadoras, as máis puntuais, as máis... todo.

PURA A CHOSCA.- A ver, Fina, eu...

FINA.- Cala, Pura, cala! Unha espera puñaladas, pero non que chas dean os teus. Porque isto é unha puñalada!

DONICELA.- Pero por favor, foron catro cigarros. Ou corenta, tanto ten.

FINA.- Peor mo pos. Por catro cigarros de merda!

DONICELA.- Dille para que os querías.

Pura a Chosca encolle os ombros e non di nada.

AURORA.- E para que os había de querer? Para vendelos. E mira, ben non está, claro que non, pero a culpa tampouco lla boto de todo, que levamos un monte de tempo sen cobrar, e os cartos non caen do ceo.

DONICELA.- Aínda se fora para iso. (*A Pura, ante a expectación*) Pero di dunha vez para que eran!

PURA A CHOSCA.- Pois eran... (*Á Donicela*) *Bueno*, a ti que che importa?

Texto e dirección
Cándido Pazó



DONICELA.- Ai, a min nada, muller. Impórtache a ti que o saiban. Pero se queres dígollo eu.

PURA A CHOSCA.- E ti que sabes?!

DONICELA.- A ver, Pura, é o que teñen os borrachos, que normalmente son charlatáns. E o teu home, borracho é... con fartura! Que xa me chegou a min que esbardalla polas tabernas, “Eu fumo de balde, ho, fumo de balde, que teño na casa quen me sirva. E mira, xa que a muller non trae cartos hai máis dun mes, polo menos que traia tabaco!”.

PURA A CHOSCA.- Pois si, era para el. Era para el, si. E se non lle levaba, pois...

DONICELA.- Se non lle levabas, que? Veña, muller, sóltao todo! Que ti vas moi de farruca pola vida, pero dime de que presumes e... Ou queres que llo diga eu tamén?

AURORA.- O que?

DONICELA.- Lembrades aí atrás, cando levaba a cara tapada cun pano, non lle doían as moas, non. Ou hai tres semanas, cando parecía que facía mofa de Consolación, que coxeaba coma ela, tampouco era pola reuma.

Un tempinho de silencio para encaixar a información.

AURORA.- Veña, hai que xuntar cartos. Tampouco ha ser tanto o que levou. Devólveselle á Dirección e... e que o metan no cu. Veña, imos polos talleres adiante!

Saen cara aos talleres. Aurora con entusiasmo, Fina non tanto, inda que convencida da acción. Pura vai detrás, como deixándose levar. A Donicela vai ir, pero...

Texto e dirección
Cándido Pazó



19B

DONICELA.- E logo ti non ves?

AMPARO.- *Bueno*, vós ben chegades, non? Tampouco é cousa de...

DONICELA.- Xa. De mollarse de máis.

AMPARO.- Pero que dis!? E mira quen foi falar, a que tanto se molla.

DONICELA.- *Bueno*, muller, eu non nego que son máis ben de secaño, pero ti...

AMPARO.- Eu que?

DONICELA.- *(Máis ben con sorna)* Ti es a Tribuna!

AMPARO.- E a quen vén iso agora? Ai, Ana, ultimamente estás...

DONICELA.- Non, a que ultimamente estás es ti. Ou ao revés, a que non estás.

AMPARO.- Que queres dicir?

DONICELA.- Que parece que nada é contigo, que a todo lle andas por lonxe. E que conste que o comprendo.

AMPARO.- Pero... que comprendes que!?

DONICELA.- A ver, eu dígocho como amiga. Se a min me pasa igual. Cando tratas... con quen nós tratamos, estamos máis obrigadas a gardarmos as formas. Cantas veces mo di o meu capitán. E supoño que o teu a ti tamén. Normal. Pero disimula un pouco, muller. Que a xente xa anda a falar de ti por aí.

AMPARO.- Como?!

DONICELA.- É o que che ten andar “tribuneando”, que así como falan de ti para ben, tamén falan para mal.

Texto e dirección
Cándido Pazó



AMPARO.- E que é o que ten que dicir ninguén de min?

DONICELA.- Pois... iso, que desde que andas co de Sobrado xa non es a mesma, que agora todo se che vai en fardar...

AMPARO.- Fardar de que!?

DONICELA.- Ben o sabes, Amparo, e non digas que non. De relación, de agasallos... Se ata hai quen di que agora máis que a Tribuna o que vai haber que chamarche é: a Capitana Sobrada. E tampouco é iso, muller, que estas relacións así como empezan un día... poden acabar outro, e nós seguimos aquí.

AMPARO.- E dío a que presume de levar once anos!

DONICELA.- Once anos, si. E ben a gusto. Pero... entre ti e mais eu... moitas veces río por non chorar, para que che vou mentir. Así que prepárate. Prepárate, que estes contos son demorados.

AMPARO.- Pois mira, non cho pensaba dicir polo de agora, pero... Xa falamos de matrimonio.

DONICELA.- Ah. (*Un tempo*) E por que non mo pensabas dicir?

AMPARO.- Porque te coñezo e xa supuña por onde me habías de saír. E porque te quero ben e non sabía como dicircho sen que parecece que estaba... iso... presumindo.

DONICELA.- Xa. E como foi? Se se pode preguntar.

AMPARO.- *Bueno*, xa sabes como son esas cousas.

DONICELA.- Se cadra non sei tanto como eu pensaba.

AMPARO.- Pois o típico, unha conversa que leva a outra, e o tema que anda por aí rondando e, *bueno*, xa sabes como son eu, chegado un momento... púxenlle as cousas moi claras e...



DONICELA.- Xa. E el non dixo que non.

AMPARO.- Non, a min así non me vale. Dixo que si.

DONICELA.- E a familia?

AMPARO.- E que ten que ver aquí a familia? A súa vida é súa, non da familia.

DONICELA.- Iso que cho dixo, el?

AMPARO.- Díxomo, si, díxomo! E deume palabra. E xurouma. Xurouma polo máis sagrado. Por Deus mesmo que nos mira.

Nese momento entran de novo as outras cigarreiras, que regresan de facer o seu postulado. Fina trae o mandil recollido, cheo de moedas de distinto valor.

FINA.- *Bueno*, aquí estamos de volta. A xente respondeu de marabilla. Só faltades vós, así que...

A Donicela busca entre a súa roupa unha especie de faldriqueira da que tira unhas moedas e bótaas no mandil de Fina. Amparo busca tamén, pero non topa nada. Finalmente saca os pendentes de ouro e, para abraio de todas as presentes, bótaos.

AURORA.- Aí, aí! Viva a Tribuna!

Soa a campá da Fábrica. As cigarreiras van sacando os seus trebellos de escena e vanse. Dona Emilia, que seguiu toda a escena con atención, abre o libro e le.

DONA EMILIA.- *(Ao público)* Ese día houbo rexistro xeral. Antes de saíren á rúa todas as operarias pasaron en ringleira, e as xefas de taller



cachearon faldriqueiras, separaron pregues, sacudiron refaixos, apalparon cinturas, sobacos, seos...

Mentres esperaba a súa vez, Amparo pensaba en que algún día non voltaría máis por alí. E sentiuse invadida por unha estraña mestura de sentimentos: satisfacción, si... pero tamén melancolía. Para escorrentala pensou en que a súa casa había de estar sempre aberta de par en par para as súas amigas. As súas cigarreiras. E veulle á cabeza o recordo daquela noite de reis da súa infancia, pedindo o aguinaldo na casa dos Sobrado. E aquel piano primorosamente vernizado, aqueles espellos con marco dourado, aqueles cortinóns de damasco, a porcelana chinesa, os cadros de caza, os sofás...

Ao saír, viu un papel cravado na porta principal: “Por ter sido collida furtando tabaco, a operaria do taller de cigarros comúns, Purificación Lodeiro Pita, do taller número 3, rancho número 11, queda expulsada para sempre da Fábrica”.

ESCURO

20

No seu cadeirón de rodas, entre rota e activada por un raio que lle acaba de cair enriba por unha noticia que lle acaba de dar a filla, a nai de Amparo rebenta coa carraxe.

NAI.- E agora que, eh?! Agora que?! Que dis que estás que...?! (Entrando na cadeira, empurrada por AMPARO, laiándose) Esa non foi a educación que che puxemos nesta casa! Non, que aquí riqueza ningunha, pero decencia toda. Que nin eu nin eu pai demos nunca que falar a ningún, e o que non tivemos en cartos tivémolo en hora, que é a fortuna

Texto e dirección
Cándido Pazó



dos pobres! (*Entre choros*) Ai, miña virxe do Amparo, que máis alegrías xa non teño, impedida como estou, e por riba un desgusto coma este!

Na excitación, a manta que tapaba a impedida foi escorregando ata cair ao chan. Amparo, como buscando unha tregua, achégase para tapala de novo, proximidade que, nun arrouto de ira, a nai aproveita para collela polos pelos e abanala.

NAI.- Matarte era pouco, condenada! Era pouco! (*Logo de ceibala*) E agora que, eh? Agora que?

AMPARO.- (*Balbucindo*) Deume palabra de casamento.

NAI.- Claro, e como che deu palabra... ti xa lle deches... o que el quería. E a fiado. Pois espera que o saiba e xa verás como cho paga. Deume palabra, deume palabra. Palabra de señorito é para señoritas, non para nós!

AMPARO.- E por que non? Xa non estamos naqueles tempos nos que uns eran máis ca outros, hoxe todos somos o mesmo, señora. Acabáronse as tiranías.

NAI.- Xa saíu a lería! A min non me veñas con politicalladas baratas! O pobre, pobre é. Cos de antes, cos de agora e cos que veñan. Non, se xa sabía eu que tanta soberbia en nada bo había de dar! A ela non lle valía un da súa corda, non! Ela tiña que picar máis alto! Claro, para presumir de agasallos, de atencións... É o de sempre, quen ten, compra, que sempre ha de haber quen venda.

AMPARO.- Pois mire, aí engánase! Todo iso pagueino eu. Xoias, panos... todos os regalos... todos. Pagueinos eu. Eu, cos meus cartos. El nunca nada me deu, nin eu nunca nada lle pedín.

Texto e dirección
Cándido Pazó



NAI.- Entón...?

DONA EMILIA.- *(Ao público)* Entón... Amparo calou. Comprendan, non era cousa de recoñecer que todo fora unha cuestión de vaidade. Para que a xente tivese a Baltasar por xeneroso, e que Baltasar non a tivese a ela por mercenaria.

NAI.- Xa entendo, xa. Por iso andabamos tan escasos ultimamente. *(Profundamente decepcionada)* Túa nai medio a pasar fame e ti... Anda, lévame para o meu cuarto, lévame que... Nada máis que che digo isto: se tan lista fuches para dalo, a ver se es tan lista agora para reclama-lo. *(Nun último arranque de ira, mentres saen)* Se che deron palabra que cha cumpran! Que cha cumpran!

21

DONA EMILIA.- *(Ao público)* Ai, a palabra, a palabra. A santa palabra. É sorprendente como algo tan volátil pode suscitar tantísimas esperanzas. Sobre todo nas clases populares, que a teñen por sagrada. En fin, supoño que agora sería un pouco frívolo dicir aquilo tan socorrido de que non hai mal que por ben non veña, pero o certo é que algo máis ou menos así era o que pensaba Amparo ao seguinte día, mentres paseaba con Baltasar. *(Paseando por unha apartada rúa, entra en escena Amparo, suponse que acompañada por Baltasar)* O xuramento que lle fixera non fora para xa, nin era esa a maneira na que ela quería que se cumprise, pero... Ían en silencio. Ela coas palabras da nai resoándolle na cabeza: “se che deron palabra que cha cumpran! Que cha cumpran!”. El tamén. Quero dicir, tamén coas da nai del: “Ai, Baltasarito! Non sabes a noticia? Parece que as de García gañan o preito no Supremo. Un fortunón!”.

Texto e dirección
Cándido Pazó



Amparo quería darlle a súa... noticia, da forma máis axeitada, pero... xa ven: á Tribuna, á gran oradora, non lle viñan as palabras apropiadas. Noutroora sobraríanlle, pero agora... Finalmente tivo que conformarse con dúas. As máis simples e directas:

AMPARO.- (*Un tempiño*) Estou...

DONA EMILIA.- (*Ao público*) Bueno, a segunda non lle saíu, pero a bos entendedores...

AMPARO.- Agora é xusto que me cumpras o xurado. (*Silencio*) Teño dereito a pedircho, non? (*Silencio*) Pero di algo! Que quedaches pasmado! Teño ou non teño dereito?

DONA EMILIA.-(*Ao público*) E el que lle había de dicir? Pois... que, si, claro, pero... que ela ben sabía que... os dereitos... están sempre suxeitos ás circunstancias. Que estaba a familia...

AMPARO.- Que familia! Non dixeras que ti eras unha cousa e a túa familia outra? E ademais, que lle fixen eu á túa familia? Non estamos en tempos de igualdade? Ou é que é que miña nai non é tan honrada como a túa?

DONA EMILIA.- (*Ao público*) Claro que si, díxolle el. (*Como Baltasar*) Pero... a ver, eu por min mañá mesmo, só que, *Bueno...* ponte no meu caso.

AMPARO.- Como?! Será ao contrario, terás que pórtete ti no meu! (*Logo doutro longo e incómodo silencio*) Pero non quedes aí calado outra vez! A ver, tes algo que botarme en cara? Non gaño a vida traballando honradamente, sen pedircho a ti nin a ninguén? Falteiche en algo? Ando con outros?

Texto e dirección
Cándido Pazó



DONA EMILIA.- *(Como Baltasar)* Non, muller, quen di tal cousa? Só que... hoxe por hoxe o que desexas, quero dicir, o que desexamos é... imposible.

AMPARO.- Imposible?!

DONA EMILIA.- *(Ao público)* Aí el sentiu que tiña que rebaixar un pouco a contundencia da expresión e... *Bueno*, díxolle que, a ver máis tarde, que inda non podía prescindir da familia, que cando alcanzase unha graduación superior e puidese vivir co seu salario, entón...

AMPARO.- Pero non es capitán, xa?

DONA EMILIA.- *(Como Baltasar)* Habilitado, pero a efectividade aínda non... *(Ao público)* E de novo volveu á carga co das circunstancias, a súa situación, a imposibilidade momentánea de... *(Como Baltasar)* E inda máis, e dígocho co corazón na man, temos que ser moi prudentes para non comprometermos.

AMPARO.- *(Con carraxe)* Non comprometermos!! Pero ti que me tomas, por imbécil?! Que compromiso nin que... merda, che resulta a ti de todo isto? A comprometida aquí son eu! Eu! E a enganada! E a perdida! A perdida son eu!

DONA EMILIA.- *(Ao público)* El pediulle que non berrase, que non choras... que pasaba xente e mira ti que escándalo. Que mellor ir a outro sitio menos...

AMPARO.- *(Berrando)* Non vou a sitio ningún! E preguntócho claro para que me respondas claro: casamos ou non?

DONA EMILIA.- *(Ao público)* E el foi clarísimo: de momento non podía ser.

Texto e dirección
Cándido Pazó



AMPARO.- E cando?

DONA EMILIA.- *(Como Baltasar)* Pois... o tempo dirá. Pero polo de agora pídoche calma, un pouco de calma.

AMPARO.- Ti coma o goberno: calma, calma. O tempo dirá. E o tempo sempre acaba dicindo o que a vós vos convén. Pois sabes que? Ata que me pagues o que me debes, adeus! Eu non son máis o teu xoguetete! Non me dá a gana de andarme escondendo! E avisado quedas, o día menos pensado, cando te vexa pola Praza Maior, ao saír de misa, ou onde cadre... cóllome do teu brazo, en público, diante de toda a señoritada, e canto alí mesmo. Cántoo todo! Porque fixeches un xuramento, comigo e con Deus! Ou é que non tes medo a condenarte? Pois se morres sen cumprilo de fixo que te condenas. E se vén a Federal, que a Nosa Señora do Amparo a traia, ou cumpres ou mátote eu mesma, para que vaías máis rápido ao inferno! *(Vaise).*

22

Soa a campá da Fábrica. Entran as cigarreiras: Fina, a Donicela, Aurora, Matilde e Pilara. Van colocando as súas cousas. Nun segundo plano Dona Emilia reparte a súa atención entre o libro e a escena.

FINA.- E Amparo?

DONICELA.- Quedou fóra un momento.

FINA.- E logo?

DONICELA.- Necesitaba tomar o sol un pouco.

FINA.- E como non quedaches con ela?

DONICELA.- Quería estar soa.

Texto e dirección
Cándido Pazó



FINA.- Pero muller...

DONICELA.- Empeñouse. Xa sabes, cousas do...

AURORA.- De canto tempo está?

DONICELA.- Cinco para seis.

AURORA.- Miña pobre, debía de haber unha lei que prohibise esas cousas.

